

En Galicia, En Galego

Boas prácticas
de normalización lingüística
nas accións socioeducativas



Presentación

Lingua e Educación Social: O dereito a aprender en galego

Tempos pasados

Xullo do ano 2000. O Parlamento Europeo e o Consello establecen os fundamentos para declarar o 2001 como o Ano Europeo das Linguas, amosándose partidario de fomentar o multilingüismo co obxecto de “fomentar a sensibilización da cidadanía sobre a importancia da riqueza da diversidade lingüística e cultural na Unión Europea e sobre o valor que a devandita riqueza representa en termos de civilización e cultura, tendo en conta o principio segundo pola cal todas as linguas son iguais en valor cultural e dignidade”.

Xaneiro de 2001. A edición do Atlas das linguas en perigo de desaparición informa que a metade das aproximadamente 6.000 falas do mundo están en vías de extinción e, con elas, unha dimensión ineludible do coñecemento e da comprensión do pensamento humano.

Novembro de 2001. A Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura proclama a Declaración Universal da UNESCO sobre a Diversidade Cultural, comprometéndose a salvagardar o patrimonio lingüístico da humanidade e apoiar a expresión, a creación e a difusión no maior número de linguas posibles.

Setembro de 2004. O Parlamento de Galicia aproba o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, co importante obxectivo de garantir que as persoas que así o desexen poidan vivir en galego, sabendo que contan co amparo da lei e das institucións. Tamén, co propósito non menor de conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, dotando ao galego dos elementos que o capaciten para vehicular a vida moderna.

Decembro de 2006. O Parlamento Europeo e o Consello proclaman o 2008 como o Ano Europeo do Diálogo Intercultural, destacando a contribución das diferentes culturas e expresións da diversidade cultural ao patrimonio e aos modos de vida dos Estados membros da Unión Europea.

Xuño de 2007. A Asemblea Xeral das Nacións Unidas proclama o 2008 como o Ano Internacional dos Idiomas, convidando aos Estados Membros, e ás restantes partes interesadas, a apoiar as actividades existentes, e establecer novas actuacións, que estean encamiñadas a promover o respecto, a promoción e a protección de todos os idiomas, en particular, os idiomas en perigo de desaparición, a diversidade lingüística e o multilingüismo.

Tempos presentes

A día de hoxe, o Observatorio da Lingua Galega, ao presentar os indicadores da situación da lingua galega no ámbito da educación conclúe que “entre as actividades consideradas máis necesarias para promover o uso do galego destacan as ferramentas lingüísticas e a formación, tanto nos centros universitarios coma nos non universitarios”.

Situacións deste calado, refrendadas por todos os antecedentes sinalados, desafían á Educación Social, e ao seu Colexio, a promover o uso social do galego, no exercicio da súa actividade e competencia para representar os intereses xerais da profesión e velar para que o seu desempeño se adecúe aos intereses da cidadanía. En particular, e segundo o establecido na Resolución do 26 de decembro de 2007, pola que se regula a concesión de subvencións que financia este material dixital, a Educación Social está particularmente apelada a contribuír ao logro de obxectivos tales como:

- Reforzar e incrementar a transmisión xeracional do galego.
- Ampliar a presenza da lingua galega nas actividades de lecer, sobre todo aquelas que signifiquen un reforzo do seu uso (teatro, obradoiros de lectura e de escrita, etc.).
- Vincular a utilización da lingua galega con ámbitos de prestixio e modernidade.
- Fomentar o uso do galego nas tecnoloxías da información e da comunicación, dirixidas aos ámbitos da familia, da infancia e da mocidade, e do lecer.
- Apoiar aquelas actividades con incidencia na potenciación dos usos do galego no ámbito económico e sociolaboral, enfocadas á transmisión xeracional da lingua galega, á infancia e á mocidade, e ao tempo de lecer.
- Traballar as actitudes positivas cara á lingua galega que combatan os prexuízos e fomenten a autoestima e a lealdade lingüística.
- Desenvolver actividades regulares en lingua galega que fuxan da ritualización e da vinculación a aspectos folclóricos e reducionistas, co obxectivo de convertela.

Uns obxectivos que, certamente, non representan unha novidade para quen, cando menos desde a creación da titulación derivada do Real Decreto 1420/1991, de 30 de agosto, vén traballando de maneira efectiva coa comunidade, potenciando a vida social e cultural do contorno, fomentando o coñecemento e a valoración de todos os aspectos sociais e culturais que poden incidir na educación global das persoas. Así o establece o artigo 25 do Código Deontolóxico que compromete a todo profesional da Educación Social a salvagardar os valores éticos nos que se sustenta a acción socioeducativa. E, de igual modo, así o reafirma este colectivo profesional cando na súa práctica cotiá subscribe diariamente o obxectivo de favorecer a promoción cultural e social, entendida como aperturas a novas posibilidades de adquisición de bens culturais, que amplíen as oportunidades de desenvolvemento humano, sustentabilidade territorial e benestar social.

A estes referentes do quefacer socioeducativo remítese a escolma de experiencias reunidas cun dobre propósito: dunha banda, axudar a recoñecer o labor educativo realizado para fomentar o emprego da lingua galega en todos os contextos da convivencia cidadá, e, de outra, aumentar a capacitación profesional dos axentes socioeducativos en materia de promoción lingüística. En último termo, albiscando que a aproximación a estes horizontes traerá consigo unha maior universalización do dereito a educar e a educarse en Galicia e en galego. Se cabe, coa expectativa de traducir ese dereito en modos de aprender e de socializarse que estean á altura do que significa ser e facer parte da cidadanía galega, da súa sociedade, da súa cultura e, en definitiva, da súa forma de vivir e de convivir en democracia.

Tempos futuros

A Educación Social, como profesión comprometida coa defensa de todos os dereitos de cidadanía, incluíndo aquí o dereito á lingua unha das principais expresións culturais dun pobo, ha de sumarse a todos estes chamamentos en prol do fortalecemento dos sinais de identidade que caracterizan ao quefacer educativo e social; isto é, desenvolver todo tipo de iniciativas encamiñadas a facer valer o dereito a aprender ao longo da vida, transitando por distintos tempos e espazos sociais nos que poder formar e formarse nas “competencias chave para a aprendizaxe permanente”.

Unhas competencias entre as que a Unión Europea, a través da súa Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, situou a comunicación en lingua materna como un saber imprescindible para vivir na sociedade de coñecemento. Isto é, dispoñer de coñecementos, capacidades e actitudes lingüísticas necesarias para a realización persoal e social das persoas, propiciando a adquisición da “habilitade para expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita (escoitar, falar, ler e escribir), e para interactuar lingüisticamente de maneira axeitada e creativa en todos os posibles contextos sociais e culturais”.

Non de balde, esta é unha tarefa na que, xunto a outros integrantes da comunidade educativa, cómpre recoñecer o necesario concurso das educadoras e dos educadores sociais, a través das prácticas que realizan en diferentes escenarios sociais e profesionais, con miras a proxectar dúas das notas que deben de caracterizar ao novo milenio: a inclusión social e a diversidade cultural.

A estes referentes do quefacer socioeducativo remítese a escolma de experiencias reunidas cun dobre propósito: dunha banda, axudar a recoñecer o labor educativo realizado para fomentar o emprego da lingua galega en todos os contextos da convivencia cidadá, e, de outra, aumentar a capacitación profesional dos axentes socioeducativos en materia de promoción lingüística. En último termo, albiscando que a aproximación a estes horizontes traerá consigo unha maior universalización do dereito a educar e a educarse en Galicia e en galego. Se cabe, coa expectativa de traducir ese dereito en modos de aprender e de socializarse que estean á altura do que significa ser e facer parte da cidadanía galega, da súa sociedade, da súa cultura e, en definitiva, da súa forma de vivir e de convivir en democracia.

Como se fixo

O Colexio Profesional de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (ceesg) ten a firme vontade de converterse nun axente decisivo na promoción da lingua galega, nos ámbitos socioprofesionais que son da súa competencia, xeneralizando o emprego do galego na totalidade de servizos e prestacións que obran os seus profesionais, co obxecto de facer da lingua galega un dos seus inequívocos sinais de identidade.

Con este propósito, presentamos este CD onde se recoñecen as boas prácticas de natureza educativo-social, emprendidas no contexto da galeguidade a fin de traballar as actividades positivas cara á lingua galega que combatan os prexuízos e fomenten a autoestima e a lealdade lingüística.

Así comezamos fai un tempo, comprometidas/os coa educación no feito sociolingüístico galego, coa autoestima como pobo, e coa identificación dunha profesión que traballa man a man co patrimonio inmaterial e co seu aspecto máis humano, refundindo conceptos como diversidade-identidade, convivencia-conflitividade, local-global, cultura popular-interculturalidade; binomios que manexamos no noso quefacer profesional e que nos paramos a analizar con este traballo, onde despertamos a curiosidade por saber que é o que se fai en Galicia e como, onde, por quen e por que se está a facer.

Para levar a cabo esta iniciativa, convidamos a aquelas entidades que puidesen ter algunha experiencia interesante que contar, pero tamén quixemos diversificar a nivel de: público-privado, ámbitos de actuación, colectivos..., e poder ofrecer unha variedade considerable co fin de amosar a viveza e saúde que aínda ten a nosa lingua e, polo tanto, a nosa cultura e todos aqueles/as que a usamos e a gozamos. Xuntámoslas nun formato actual e tecnolóxico e de aí saíu este CD. Haberá máis!

Idioma

Entendemos o dereito á lingua como a principal expresión cultural dun pobo. E somos o Colexio Profesional da Educación Social en Galicia, polo que demasiadas voltas a isto sobran. Falamos galego porque si, porque somos de aquí e estamos comprometidas/os co noso pobo e a nosa cultura. Sendo educadoras sociais, onde o noso desempeño require comunicarnos coa xente, temos a obriga moral e o gusto profesional de facelo como nos gusta, en galego.

O galego é unha lingua propia e como tal, respectámola e coñecémola. Pero vamos máis alá, usámola con toda a normalidade e orgullo, pois grazas á competencia lingüística, podemos desenvolvernos no noso entorno de traballo e entendernos, porque sobre todo unha lingua serve para comunicarnos entre nós e resolver problemas, e contribuír á convivencia entre a cidadanía.

O pobo galego caracterízase por ese bofacer e o constante ofrecemento do que ten. Nós non queremos ser menos, e queremos ofrecer, tal e como sabemos facelo, retais de historia da Educación Social galega, pero tamén cachos de lingua, dito á nosa maneira e como nós queremos. Por iso, este é outro exemplo máis de que estamos vivos, namentres nos sintamos así, con ganas de seguir gozando do que somos: galegos e galegas.

Experiencias

1. A beleza está nos ollos de quen mira: corpo's, xénero's e autoestima's (Concello de Allariz).
2. Acampalingua (A Mesa pola Normalización Lingüística).
3. As bicicletas son para as mulleres (Concello de Allariz).
4. Aventura de crecer, desafío de educar (Preescolar na Casa).
5. Ciclo de conferencias: conflictividade e convivencia escolar (SGEP).
6. Correlingua: o galego coa lingua de fóra (A Mesa pola Normalización Lingüística).
7. Descubrindo Vedra, 12 meses, 12 parroquias (Concello de Vedra).
8. Experiencias para construír a Paz (Asociación Galego Portuguesa de Educación para a Paz).
9. Grupo de Letras (Asociación Itaca).
10. Leñaverde (Concello de Boiro).
11. ...na voz da xente (Xandobela, Xestión e Dinamización Sociocultural).
12. O tesouro dos nosos avós (IES A Sangriña).
13. Obradoro de Regueifas para escolares (Consellería de Cultura, Xunta de Galicia).
14. Obradoiro interxeracional: antes e agora (Concello de Allariz).
15. Palabras maiores (Xeneme, Intervención Social).
16. Pequenos reporteiros (AtalaiA.Social).
17. Portaberta, centro de lecer xuvenil (Dinamo, Xestión de Actividades Socioculturais).
18. Programa educativo Ulla elemental (Concello de Vedra).
19. Revista Carreiros (Asociación Cultural a Fervenza de Ouzande).

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

A BELEZA ESTÁ NOS OLLOS DE QUEN MIRA: CORPO'S, XÉNERO'S E AUTOESTIMA'S

Ana Pérez Cardoso

Nunha frase	Traballo persoal na construción social do corpo feminino.
Áreas	Igualdade e Desenvolvemento persoal e social.
Entidade	Concello de Allariz, Área de Educación e Igualdade.Axentes
Axentes	- Técnica de igualdade, informático, monitora de relaxación, técnico de integración social, fotógrafos. - Mulleres do concello de Allariz. - A nivel de destinatarios/as indirectos/as podemos falar de toda a poboación ao ter en conta que se confeccionou un calendario e unha exposición co traballo realizado.
Desde	Experiencia contemplada na programación do ano 2007.
Territorio	Allariz, Ourense.
Ollo a isto!!	Esta experiencia tivo como produto un calendario e unha exposición de fotos.

OBXECTIVOS

Unha das finalidades da Área de Educación e Igualdade é mellorar a calidade de vida das mulleres. Como obxectivos deste proxecto en particular sinalamos:

- Traballar conceptos básicos para a comprensión da construción social de homes e mulleres.
- Cuestionar o modelo actual de beleza feminina e ofrecer/crear outros referentes.
- Potenciar o autoconecemento, autoafirmación e autoestima das mulleres.
- Ofrecer información á sociedade sobre este tema a través dun calendario e unha exposición.
- Potenciar novos referentes a través dos corpos e gustos das mulleres asistentes.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Esta experiencia parte do traballo realizado coas mulleres alaricanas desde a área de Educación e Igualdade, pero constitúe un proxecto específico dentro do traballo global coas mesmas.

Para realizar esta actividade traballouse durante unha semana cun grupo de 16 mulleres procedentes da vila e do rural e con asistencia voluntaria.As mulleres participantes tiñan idades comprendidas entre os 34 e os 72 anos.

O traballo diario foi basicamente de tipo teórico e vivencial de forma que, a través de dinámicas e traballo individual e en pequeno grupo, fomos reflexionando e cuestionando o por qué do modelo actual de beleza feminina así como a necesidade de aportar novos referentes que valoren máis cousas que unhas determinadas medidas corporais.

Deste xeito, traballouse de forma persoal e foi a través das reflexións grupais como se debateron e cuestionaron todos os aspectos relacionados coa construción social do corpo das mulleres e como se chegaron a conclusións relacionadas coa necesidade de aportar outros referentes.

Por outra banda, o último día realizouse unha sesión de fotos en dous espazos diferentes onde se realizaron fotografías coas mulleres participantes, resaltando aquilo do seu corpo que querían e con obxectos persoais que podían formar parte da imaxe.

Culminou a actividade coa edición dun calendario para o ano 2008, así como unha exposición das fotografías.

A BELEZA ESTÁ NOS OLLOS DE QUEN MIRA: CORPO'S, XÉNERO'S E AUTOESTIMA'S

Ana Pérez Cardoso

REFLEXIÓN

A avaliación deste proxecto é moi positiva non soamente polo traballo realizado coas mulleres senón ademais polas consecuencias derivadas do mesmo e observadas a posteriori. Falamos de mulleres que o día da presentación se animaron a falar en público e a falar ademais desde os sentimentos, algo “tan pouco normalizado nos espazos públicos”, o cal nos indica que ademais de haber un traballo persoal e grupal co corpo tamén houbo de forma indirecta un traballo de empoderamento e de necesidade de acceder a ese espazo tan pouco frecuentado polas mulleres, como pode ser o espazo público.

Falamos ademais dun tema tan necesario para as mulleres como é a construción social que se fai do seu corpo como forma de control social, e como forma de deixarlle claro por onde “se anda ben e por onde non”, dependendo de como se vista, se mova, se maquille etc. E falamos ademais de moitas mulleres “maiores” que tiveron acceso a un discurso diferente, como remata o vídeo dicindo a maior: “yo aquí escuché cosas que nunca oyera...”. Creo que esta cita xa rebela realmente a importancia deste traballo como forma de romper estereotipos e pensar que as mulleres somos todas iguais e precisamos todas o mesmo nos mesmos momentos e idades.

Falamos ademais de introducir o galego tamén nesta experiencia como forma de reiterar a presenza do noso idioma en todos os espazos e contextos. Pensamos que esta é a forma de naturalizalo: usalo.

CONTACTO

Enderezo	Campo da Barreira, 3 c.p. 32660 Allariz (Ourense)
Teléfono	988554059
Web	http://www.allariz.com
E-mail	igualdade@allariz.com

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

ACAMPALINGUA: A NECESIDADE DE CREAR ESPAZOS DE USO DO GALEGO NA XENTE NOVA

Francisco Xosé Rei García

Áreas	Lecer, infancia e mocidade
Entidade	Colectivo de Nais e Pais polo Ensino en Galego (NEPG, sección constituída dentro da Mesa)
Axentes	Educadoras/es
Desde	2000-2004
Territorio	Comunidade Autónoma de Galiza
Ollo a isto!!	Favorece que mozos e mozas, a maioría de zonas urbanas, se familiaricen a vivir todo o día en galego, tomando como exemplo a actividade deste lugar da comarca da Limia

OBXECTIVO

- Crear novos espazos de uso, convivencia e coñecemento integramente en galego entre a xente máis nova

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Cando se ideou a iniciativa, partíase da base de que moitas rapazas e rapaces, en moitas ocasións galegofalantes no seu ámbito familiar, non teñen a posibilidade de establecer interaccións comunicativas na súa lingua con outras persoas en practicamente ningún ambiente, moito menos con xente da súa mesma idade, especialmente nos entornos urbanos.

Creouse, pois, o **Acampalingua** a xeito de campamento de verán para un grupo non moi amplo (un total de 40 rapazas e rapaces) durante uns 15 días, desenvolvido no Centro de Desenvolvemento Rural “O Viso”, na aldea de Lodoselo (Sarreaus - Ourense), a cargo dun grupo de monitoraxe encargado de propor distintas actividades dirixidas a fomentar a convivencia e o traballo en equipo, todo coa idea tamén de achegar as nenas e nenos participantes á realidade social, económica e cultural do lugar, así como descubrir e gozar dos seus valores ambientais e paisaxísticos.

O fio conductor do campamento de 2001 foi a loita contra os ladróns da lingua, membros da multinacional The Biggest Culture Corporation. Estas sinistras figuras roubaron a lingua galega e todas as súas manifestacións culturais para uniformizar e globalizar o mundo, e os nenos e nenas son os encargados de recuperar todos os espazos de uso do galego que os ladróns roubaran e conseguir primaveras así que o plan dos ladróns sexa un fracaso.

REFLEXIÓN

Logo de analizarmos os resultados das enquisas de avaliación dos rapaces e rapazas, os comentários directos con moitos deles e coas súas familias, así como con moitas outras persoas interesadas neste tipo de actividade, parece evidente a necesidade de seguirmos traballando nesta liña e continuar a mellorar a proposta con novas achegas que, respectando o obxectivo de fondo da actividade, teñan en conta as ideas que tanto os monitores como os propios rapaces e rapazas nos fan.

Lamentablemente, a actividade deixouse de realizar en 2004 e aínda non se puido retomar, se ben a bo seguro A Mesa e o Colectivo de Nais e Pais polo Ensino en Galego volverán nun futuro inminente sobre esta liña de traballo ou, no seu caso, sobre aquelas que permitan desenvolver actividades ou iniciativas que redunden en facilitar os tan necesitados espazos de uso e prestixio que tantas veces botan en falta as persoas galegofalantes, singularmente nos entornos máis castelanizados.

ACAMPALINGUA:A NECESIDADE DE CREAR ESPAZOS DE USO DO GALEGO NA XENTE NOVA

Francisco Xosé Rei García

CONTACTO

Enderezo	Rúa do Vilar, 15 - 1º dereita - 15705. Santiago de Compostela (Galiza)
Teléfono	981 563 885 / 609 861 682
Web	http://www.amesanl.org
E-mail	zonas@amesanl.org

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

AS BICICLETAS SON PARA AS MULLERES

Ana Pérez Cardoso

Nunha frase	Traballar desde a motivación real das mulleres.
Áreas	Animación sociocultural, asociacionismo, dinamización do rural, lecer, alfabetización de adultos/as, deporte, empoderamento feminino etc.
Entidade	Área de Educación e Igualdade, Concello de Allariz.
Axentes	- Técnica de igualdade, traballadora social, técnicos da área de promoción económica (psicóloga, pedagogo, economista), Concelleira de Benestar Social. - Mulleres do rural con idades comprendidas entre os 45 e os 75 anos.
Desde	No último trimestre do ano 2006.
Territorio	Torneiros-Allariz (Ourense). Poboación de 300 habitantes.
Ollo a isto!!	Esta experiencia acadou o 1º premio do concurso COIDANET do ano 2007.

OBXECTIVOS

- Potenciar a aprendizaxe e uso da bicicleta no rural como medio de transporte para fomentar así unha maior independencia das mulleres.
- Reflexionar sobre a situación tradicional da muller no rural.
- Traballar o desenvolvemento físico e a adquisición dos coñecementos necesarios para utilizar unha bicicleta.
- Fomentar o empoderamento feminino.
- Introducir ás mulleres como axentes activas na dinamización social.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Forma parte dun proxecto de intervención no rural alaricano que pretende dinamizar desde a perspectiva de xénero e planificar partindo dos intereses das participantes. É unha actividade con continuidade posto que falamos dunha programación global do Concello para con os pobos.

A experiencia comezou a través da demanda das mulleres coas que o concello de Allariz realiza un traballo nas distintas asociacións veciñais que ten. Desta forma, a través de actividades de dinamización e empoderamento feminino, organízase unhas serie de sesións con diferentes temáticas asociadas ao fomento da calidade de vida desde a perspectiva de xénero, pero sempre partindo das motivacións do grupo que se traballe.

As bicicletas son para as mulleres xorde así a petición dun grupo de 11 mulleres que comentan lle encantaría aprender a “andar en bicicleta” e ademais a “bailar ao solto”, co cal se organizan dous obradoiros enfocados a traballar estas dúas demandas.

Para a posta en marcha do proxecto das bicicletas traballouse de forma coordinada entre diferentes áreas e técnicos/as do Concello. Falamos así coas de Servizos Sociais-Área de Igualdade, Promoción económica, Deporte, Cultura etc. A Concellería de Deportes foi a encargada de traballar os aspectos máis técnicos da aprendizaxe e a área de Igualdade a responsable de reflexionar e traballar os aspectos máis vinculados cos estereotipos de xénero así como coa construción social que do corpo das mulleres realiza unha sociedade patriarcal, negando así o acceso a determinadas accións para as mulleres pola crenza estereotipada de existir actividades ás que lles está negado acceder.

Despois duns tempos para o quentamento e exercicio físico, traballouse a aprendizaxe propia de montar en bicicleta, primeiro con apoios e posteriormente sen eles, ata que varias delas conseguen manexar a mesma.

AS BICICLETAS SON PARA AS MULLERES

Ana Pérez Cardoso

REFLEXIÓN

Como reflexión podemos sinalar o grado de satisfacción do grupo de mulleres que asistiron, así como a obtención do 1º Premio do concurso COIDANET do ano 2007. Ademais, un elemento prioritario para nós foi poder traballar coas mulleres partindo dos seus intereses, planificando unha intervención social desde a perspectiva de xénero respectando as demandas das mulleres.

Neste sentido, consideramos importante dar autonomía e voz ás mulleres e que sexan as institucións as que se adapten ás súas demandas. Desta forma as mulleres non teñen que realizar accións consideradas importantes por unha técnica/o desde un despacho. É importante reflexionar sobre “o paternalismo” das institucións como xeito de non interferir no axeitado desenvolvemento das persoas, neste caso das mulleres do rural.

Por outra banda, falamos de fomentar e poñer en valor o uso do galego como forma natural de comunicarnos as persoas, coas súas peculiaridades de cada zona, pero como vehículo de expresión normalizado.

PERSOAS QUE PARTICIPARON NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

As mulleres...

Duarte, Marta, Bruno, Marcos, Carlos, Beli, Carmen, Cristina, David, Xián, Javier o noso informático, Carlos da Radio, Javier da piscina e seu irmán Carlos “Cata”...

Ana e Pilar.

CONTACTO

Enderezo	Campo da Barreira, 3 c.p. 32660 Allariz (Ourense)
Teléfono	988554059
Web	http://www.allariz.com
E-mail	igualdade@allariz.com

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

PREESCOLAR NA CASA

Equipo Preescolar na Casa

Nunha frase	Aventura de crecer, desafío de educar.
Áreas	Familias, Educación familiar.
Entidade	Fundación Preescolar na Casa.
Axentes	- Mestres/as, Psicólogos/as, Pedagogos e/ou Psicopedagogos/as. - Pais e nais con nenos/as de 0 a 6 anos.
Desde	1977.
Territorio	Comunidade Autónoma de Galicia.
Ollo a isto!!	Preescolar na Casa ten presenza no 89% da totalidade dos concellos galegos, con prioridade de atención ao medio rural- 80%.

OBXECTIVOS

Preescolar na Casa ten por **MISIÓN**, contribuír á formación de pais para axudar a desenvolver plenamente as capacidades dos seus fillos/as.

Son obxectivos do programa:

- Crear unha concienciación da importancia do papel da familia á hora de apoiar o crecemento e desenvolvemento do/a neno/a, reforzar ou modificar actitudes, crenzas e prácticas de crianza.
- Contribuír a crear na sociedade unha cultura da Educación Infantil Familiar.
- Contribuír ao desenvolvemento da cultura e da lingua galega.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Os pobos que coidan á infancia son os pobos que avanzan. Con esta filosofía púñase en marcha en 1977 un programa pioneiro, vertebrador, modelo de integración e respecto polo propio (lingua e cultura), exemplo de equidade educativa, referente da educación rural dentro e fóra de Galicia: Preescolar na Casa (PnC).

Partíase entón e pártese agora, da educación como dimensión fundamental do desenvolvemento local. Desenvolvemento no que os servizos á infancia estaban chamados a xogar un papel decisivo para facer fronte á problemática de illamento, exclusión social que padecía e padece o medio rural galego.

Evidentemente, 30 anos despois non somos os mesmos. A realidade educativa cambiou; con ela tamén as demandas sociais e a nosa forma de dar resposta educativa ás mesmas. Pero hai algo que, despois de 30 anos, segue sendo imprescindible e, tamén, a razón da nosa existencia nos días de hoxe: a necesidade latente que pais e nais teñen de formarse para unha paternidade e maternidade responsable; a necesidade de prepararse como primeiros, principais e imprescindibles educadores dos fillos; a necesidade de atopar espazos e tempos que lles permitan compartir momentos de crianza.

Trinta anos despois, PnC existe porque segue cubrindo de maneira social e pedagoxicamente axeitada, un espazo que ata o momento ninguén ocupa: *A formación de pais e nais en educación infantil.*

*A acción principal de PnC, que dá sentido ao resto das actuacións, é o **Servizo de Orientación a familias** que se desenvolve a través de encontros quincenais. Nestes encontros, a través do intercambio e a reflexión axúdase ás familias a coñecer e comprender mellor aos seus fillos e fillas de tal forma que se busque a resposta máis axeitada ás súas necesidades. Trátase dun espazo e un tempo para gozar da crianza dos fillos e fillas ao tempo que se debate e analiza o pensamento educativo, modificándose ou mellorando pautas de crianza.*

PREESCOLAR NA CASA

Equipo Preescolar na Casa

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Estes encontros quincenais (Reunións de Orientación) estrutúranse de acordo ao seguinte esquema:

1. *Saúdo e acollida*, onde os participantes comunican as súas vivencias. Hai bicos e abrazos e ledicia por estar outra vez xuntos. Hai nenos e nenas para os que é todo un privilexio reñer, xogar e falar con outros nenos e con outras nenas cada quince días. Preténdese crear un clima axeitado e un ambiente máis distendido para a realización da reunión.

2. *Revisión da quincena*, recollida de información de como foi a quincena, de acordo coas vivencias da propia familia, aspectos tratados na quincena anterior... Desta comunicación xa poden xurdir posibles temas de pais e nais.

3. *Xogos e cancións*, serven para crear grupo. Para traballar o ritmo, a adquisición de conceptos, fomentar a creatividade, favorecer o desenvolvemento da memoria... Para recuperar a tradición oral.

4. *Conto*, para favorecer as relacións afectivas; o desenvolvemento da atención e a memoria, os hábitos de escoita; o desenvolvemento da linguaxe, adquisición de conceptos...; para estimular a creatividade; para manter a tradición oral. Como actividade de fomento da lectura, para espertar o hábito e o gusto polas libros e a lectura desde os primeiros anos.

5. *Actividade central: Obradoiros*. Presentación dunha actividade que leve a pensar no feito educativo; unha actividade na que todos os asistentes toman parte. Trátase de que os pais e as nais reflexionan sobre este feito ao tempo que coñecen novas posibilidades de acción e actitudes máis axeitadas para educar aos seus fillos e fillas.

Este momento ten o obxecto de:

- Aproveitar o contorno cotiá, tanto físico coma social.
- Que as familias tomen conciencia da importancia do seu papel
- Trasladar á vida cotiá a actitude e o valor educativo das mesmas, comprendendo que os aspectos que se formulan na reunión só poden ser acadados se posteriormente se reforzan no día a día.

6. *Xogo libre - Tema de Pais*. Ao longo da reunión vanse desenvolvendo contidos específicos que interesa resaltar coas familias (programados para ese día ou non) pero, cando a idade dos/as nenos/as o permite, establécese un tempo concreto para que, mentres os/as nenos/as xogan libremente, as persoas adultas poidan conversar sobre un aspecto concreto relacionado coa educación e o desenvolvemento dos/as nenos/as. O xogo dos/as nenos/as emprégase, en ocasións, para propiciar a observación dos mesmos e reflexionar sobre o seu desenvolvemento. Para isto o/a orientador/a leva unha pequena ludoteca que presenta aos pais e nais e aos nenos e nenas. É unha maneira de que coñezan novos materiais, ensaien xuntos/as o seu uso e que os pequenos vivan novas experiencias. Tamén os pais constrúen xoguetes para os seus fillos.

7. *Avaliación*, momento de revisión, reflexión e avaliación da propia reunión, para retomar algúns aspectos significativos que se deron e para ser conscientes das reflexións e aprendizaxes dese día, tomar acordos...

8. *Préstamo e intercambio de libros*.

9. *Despedida*. Chega por fin a hora de presentar as actividades para as dúas semanas seguintes buscando como dar resposta ás necesidades e ás posibilidades dos/as nenos/as, e tamén, ás preocupacións dos pais e nais. A reunión remata cun xogo ou cantando, que é a forma máis fermosa de rematar as cousas. Ademais dun hábito de socialización que os/as nenos/as deben ir adquirindo, neste momento é importante xerar lazos para que se cree o interese e o compromiso de asistencia.

A partir de aquí empeza Preescolar na Casa, na propia casa. Isto parece un xogo de palabras, pero non é ningún xogo. De feito é unha das nosas inxedanzas: que os pais e as nais se convertan nos protagonistas da súa formación e da educación dos seus fillos e fillas.

PnC dispón tamén dun **Servizo de Difusión** que comprende unha ampla variedade de accións paralelas ao traballo de orientación directo ás familias co obxectivo de difundir unha cultura da infancia que permita entender e atender ás implicacións de educar a nenos e nenas. Desde fai máis de 10 anos PnC emprega diversos medios de comunicación con este fin:

- A **radio**, con tres programas semanais de media hora de duración en diferentes emisoras: Radio Galega (pódese escoitar na web www.crtvg.es, no apartado de "Radio á carta"), Radio Vilalba-Cadena Ser e Radio Monforte Cadena Ser; así como, 10 minutos de emisión na rede Galega de Emisoras municipais, Radio Emuga.
- A **televisión**, cun programa semanal na Televisión de Galicia, que se emite tamén a través do Canal Internacional Galicia Televisión, visible en Internet na web www.crtvg.es no apartado de "Televisión á carta".
- Unha **revista** para pais e nais cunha tirada de 6000 exemplares e periodicidade bimensual.
- 14 páxinas de **teletexto** na Televisión de Galicia.
- **Páxina web** www.preescolarnacasa.org

PREESCOLAR NA CASA

Equipo Preescolar na Casa

REFLEXIÓN

En Galicia, en Galego é un slogan que recolle á perfección a traxectoria de PnC no emprego da lingua. En 1977, ano no que comeza o programa, optou por empregar a lingua galega como medio de comunicación, para prestixiar unha lingua vinculada á marxinación e absolutamente infravalorada. Hoxe, Preescolar na Casa segue apostando polo galego como sinal identificadora dunha cultura.

O galego é a lingua que se emprega cos/coas 4000 pais, nais, nenos e nenas que participan cada curso nalgunha das reunións (un dato: escriben en galego o 84% das familias que responden ao cuestionario de satisfacción). Tamén é a lingua que se emprega para difundir a cultura da infancia a través dos medios de comunicación propios.

En Galicia, en galego e a carón da familias. A experiencia, despois de 30 anos de traballo educativo apoiando ás familias, corrobora que nais e pais precisan dun espazo e un tempo que lles permita gozar da crianza dos fillos ao tempo que debaten, analizan o seu pensamento educativo e modifican ou melloran pautas de crianza.

A opinión dos implicados, os mesmos pais e nais que participan cada ano nalgunha das reunións de PnC, avala todo este deseño. As altas taxas de satisfacción co servizo recibido que se mantén ao longo dos tempos (en torno ao 90%) evidencian que se está no camiño correcto.

Ter participado en PnC aporta valor ao seu sistema educativo familiar no senso de que aprenden actitudes e comportamentos educativos, aprenden a valorar o que fai cada neno/a, a entendelos mellor, a resolver dúbidas con respecto á educación. En definitiva, a desempeñar de forma máis consciente e reflexiva a súa tarefa como nais e pais. Desde o momento inicial ata a actualidade, o equipo de profesionais de PnC tivo como misión concienciar á sociedade do que implica EDUCAR a un neno, a unha nena. Tentou facerlle ver a transcendencia que este feito ten no presente e no futuro dos pobos. Quixo dar a coñecer a importancia da implicación dos pais e nais neste eido para a consecución dunha sociedade mellor, máis xusta, solidaria e tolerante. E trasladou a mensaxe de que EDUCAR (desde que se nace) é unha responsabilidade de todos e todas.

Os/as profesionais en PnC son mediadores de interaccións entre adultos e nenos, promotores/as de reflexións educativas sobre estilos e pautas de crianza. PnC é un programa que se ofrece á poboación, un programa de proximidade, de relación directa con toda a comunidade. Ser profesional en Preescolar na Casa implica:

- coñecer cada palmo, cada estrada, cada casa, cada familia de cada pobo, de cada vila.
- ter que achegarse ás familias para ofrecerlles un servizo educativo que de entrada “non precisan”.
- dedicar esforzos en facer visible ante cada familia, ante o resto dos/as profesionais e ante as institucións locais e provinciais, a necesidade de crear un espazo e un tempo onde pararse a pensar sobre a educación de nenos e nenas, onde facer consciente o papel de primeiros educadores/as dos mesmos e, onde poder gozar dun tempo compartido de aprendizaxe.

Os resultados do programa dependen en gran medida destes/as profesionais que recoñecen un alto grado de implicación cos principios, valores e misión do programa, e os que manifestan ter máis en conta aos pais e nais noutras situacións profesionais.

Poderíamos dicir sen resultar pretensiosos que traballar en PnC supón un enriquecemento persoal e profesional.

CONTACTO

Enderezo	R/ Garaballa de Arriba, 9, c.p. 27003 Lugo
Teléfono	982216001
Web	http://www.preescolarnacasa.org
E-mail	correo@preescolarnacasa.org

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

CICLO DE CONFERENCIAS: CONFLITIVIDADE E CONVIVENCIA ESCOLAR

Manolo Dios Diz

Nunha frase	Cada arma que se fabrica, cada barco de guerra que se fleta e cada mísil que se lanza é, en última instancia, un roubo a quen pasa fame e ninguén lle dá de comer, a quen pasa frío e non pode vestirse. Este mundo armado non só gasta diñeiro, tamén gasta o suor dos seus traballadores, o talento dos seus científicos, as esperanzas dos seus nenos. <i>D. D. Eisenhower</i>
Áreas	Educación para a Paz
Entidade	Seminario Galego de Educación para a Paz
Axentes	Educadores e educadoras, no sentido máis amplo e rico da palabra (mestres/as, docentes, profesores/as, pedagogos/as...).
	Curso académico 2007-2008.
Desde	Comunidade Autónoma de Galicia.
Territorio Ollo a isto!!	Leváronse a cabo un total de 77 actos formativos nos que participaron un total de 5.200 persoas.

OBXECTIVOS

- Asesorar, informar e apoiar en todas as iniciativas vencelladas ao ámbito da convivencia e da Educación para a Paz.
- Ofertar unha liña formativa-informativa práctica e de referencia para os/as profesionais da educación en materia de educación e dereitos humanos.
- Crear rede para motivar ao profesorado de cara a adquirir prácticas de comunicación e de resolución de conflitos positiva.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

O sgeg leva desde 1985 promovendo a Educación para a Paz e defínese como unha organización galiuniversal, firmemente asentada na nosa lingua e cultura e aberta á universalidade desde o respecto pola diferenza e a diversidade cultural e lingüística.

O curso académico 2007-2008 foi especialmente complexo para o Seminario Galego de Educación para a Paz, sen dúbida, un novo cambio de ciclo, na xa dilatada vida dunha entidade que pasou por distintos momentos desde aquel mes de decembro de 1985 en que decidimos constituírnos como Seminario Permanente.

Neste curso mantivemos, como ven sendo tradicional, unha intensa actividade formativa e social, de sensibilización, dinamización, divulgación e información, como Seminario ou en colaboración con outras entidades, unha actividade que, como sempre dicimos, non acostuma a ter tratamento informativo aínda que forma parte desas numerosas iniciativas caladas, con pouca ou nula repercusión mediática, pero que teñen tanta relevancia, en moitos casos, a maior relevancia, porque van dirixidas ao profesorado, a toda a comunidade educativa, á sociedade civil, cun enorme efecto multiplicador, sendo, polo demais, o activismo social, como sinalamos habitualmente, unha das nosas principais sinais de identidade, xunto coa vocación pedagóxica e didáctica.

CICLO DE CONFERENCIAS: CONFLITIVIDADE E CONVIVENCIA ESCOLAR

Manolo Dios Diz

REFLEXIÓN

Tecer redes para a Paz. Redes para construír unha cidadanía global, para avanzar cara a sostenibilidade planetaria. Redes de paces imperfectas. Redes, en definitiva, que poidan salvarnos da morte.

Mónica Edwards Schachter.

CONTACTO

Enderezo	Rúa do Valiño, 13- 1º, Santiago de Compostela (A Coruña).
Teléfono	981-561956
Web	http://www.sgep.org
E-mail	paz@sgep.org

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

CORRELINGUA, O GALEGO COA LINGUA DE FÓRA

Francisco Rey

Nunha frase	En galego cabe todo.
Áreas	Escolar e Lecer.
Entidade	A Mesa pola Normalización Lingüística, a CIG-Ensino e a AS-PG xunto cos concellos de Vigo, Pontevedra, Lugo e Santiago de Compostela. Nos últimos anos fóronse incorporando máis concellos como colaboradores e mellorou tamén o apoio de diversos departamentos da Xunta de Galiza.
Axentes	Docentes, educadores/as e alumnado, e en xeral, toda a comunidade educativa.
Desde	2001
Territorio	Comunidade Autónoma de Galiza
Ollo a isto!!	Teñen concursos previos para motivar a participación.

OBXECTIVOS

O obxectivo primordial do **Correlingua**, desde a súa creación, é convidar ao alumnado, e en xeral a toda a comunidade educativa, a sumarse á reivindicación do dereito a vivirmos na lingua propia do noso país, todo desde unha perspectiva lúdico-educativa, e a reflexionar, a ser posíbel ao longo de todo o curso, mediante actividades e propostas concretas, sobre a situación e o necesario compromiso de futuro co noso idioma, singularmente os das xeracións máis novas.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Aínda que na actualidade centrado no ámbito escolar, o **Correlingua** recolle o herdo das carreiras populares que, xa baixo esta mesma denominación, A Mesa organizou nos anos 90 en varios lugares, abertas á participación da cidadanía en xeral e desde unha perspectiva clara de combinar a reivindicación do idioma, o lecer e mesmo a práctica deportiva. Con anterioridade, a finais da década dos setenta, xa se organizaran iniciativas semellantes baixo o mesmo formato, aínda que non denominadas propiamente Correlingua.

O **Correlingua** está dirixido ao alumnado de todo tipo de centros de ensino en todas as súas etapas (Infantil e Primaria, Secundaria e Bacharelato), se ben hai zonas onde se fan actividades diferenciadas dependendo das idades das e dos participantes ou onde se opta, dependendo das posibilidades, por centrar a participación nunha faixa de idade concreta. As entidades organizadoras procuran, en calquera caso, que o protagonismo no día a día dos preparativos recaia nos propios centros de ensino que participan, quer a través dos departamentos de Lingua e Literatura Galega quer a través dos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística. E, sobre todo, que o alumnado se sinta co-partícipe en todo momento, tratando de implicallo canto posíbel.

Os actos centrais do **Correlingua** son as carreiras non competitivas que se organizan por todo o país durante as semanas previas á celebración do Día das Letras Galegas, aínda que non só: as rapazas e rapaces achéganse á iniciativa logo de teren traballado previamente na aula en varias actividades previas vinculadas ao que logo se pretende que sexa unha sorte de “festa final”. Neste momento, o **Correlingua** estase a celebrar en 14 zonas diferentes: nas sete cidades e en comarcas como O Salnés, Baixo Miño, A Mariña, Barbanza, A Estrada, Verín e Val de Lemos. Na edición de 2008, co lema “En galego cabe todo”, participaron arredor de 40.000 escolares.

CORRELINGUA, O GALEGO COA LINGUA DE FÓRA

Francisco Rey

DESCRINCIÓN DA EXPERIENCIA

As entidades organizadoras do **Correlingua** pretenden consolidar esta como unha iniciativa que se vaia preparando nos centros ao longo de todo o ano, ou cando menos coa antelación suficiente: para isto, puxéronse en marcha varios concursos previos como o de elaboración do manifesto final (o gañador é o que se le e difunde ao remate de cada carreira), o de banda deseñada (en colaboración co colectivo BD Banda) ou, máis recentemente, o **Apologhit do Correlingua**, concurso de maquetas musicais que permite dar a coñecer grupos e creacións musicais feitas pola xente máis nova; ao grupo que resulta gañador do certame, feito coa colaboración da Radio Galega, dáselle a posibilidade de actuar nas festas finais. Logo, xa en determinadas comarcas, véñense organizando desde hai anos concursos á mellor pancarta, de composición de lemas e cantigas para difundir durante o percorrido das marchas, etc.

REFLEXIÓN

No mes de maio pasado remataba unha edición máis do **Correlingua**, batendo todas as marcas de participación anteriores e chegando aos 40.000 rapaces e rapazas participantes.

A nosa intención é aumentar esta cifra e implicar ao conxunto do profesorado e, especialmente, ao alumnado nun proceso que debe ser irreversible, o da plena normalización do uso da nosa lingua, a galega.

A través da páxina do **Correlingua** (www.correlingua.org), poderanse atopar ferramentas para o traballo na aula, así como as bases para os diferentes concursos do **Correlingua**: Manifesto e Banda Deseñada. Comezamos xa no 2008 cunha nova ferramenta musical: o Apologhit do Correlingua. Trátase de que o alumnado poda escoitar e descargar desde a nosa páxina as cancións do concurso *A Polo Ghit*, da Radio Galega, e posteriormente votalas para que o grupo gañador sexa o que actúe nas festas do Correlingua 2009.

Animámosvos a que lle deades á revista e á páxina do **Correlingua** a maior difusión posíbel, así como a que participedes activamente no conxunto de actividades que o **Correlingua** propón.

CONTACTO

Enderezo	Rúa do Vilar, 15 - 1º dereita - 15705. Santiago de Compostela (Galiza)
Teléfono	981 563 885 / 609 861 682
Web	http://www.amesanl.org
E-mail	zonas@amesanl.org

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

DESCUBRINDO VEDRA, 12 MESES, 12 PARROQUIAS

Carmen Sabio Sanz

Nunha frase	Experiencia de descubrimento e coñecemento da realidade a través do xogo.
Áreas	Comunidade, Infancia.
Entidade	Departamento de Servizos Sociais, Concello de Vedra.
Axentes	- Educadora familiar e monitoras de tempo libre da Ludoteca municipal. - Infancia. - Poboación do concello de Vedra.
Desde	Actividade continuada que se iniciou no ano 2006.
Territorio	Vedra, A Coruña.
Ollo a isto!!	Sinalamos os resultados positivos que se acadan cando se desenvolven actividades orientadas a descubrir o entorno e as persoas que viven nel.

OBXECTIVOS

- Facilitar o coñecemento do entorno máis inmediato e da súa realidade social.
- Actuar como acción dinamizadora da comunidade e proporcionar un intercambio de experiencias nos ámbitos sociais, culturais, solidarios do concello.
- Promover a participación na realidade cotiá.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Esta experiencia enmárcase dentro das actividades que se realizan no Programa de Educación Familiar no departamento de Servizos Sociais, concretamente nas actividades comunitarias.

Descubriendo Vedra, doce meses, doce parroquias nace nun contexto rural galego onde a dispersión xeográfica e poboacional xera “distintas realidades”, caracterizadas, como trazo común, por un alto índice de illamento, o que dificulta as relacións sociais, a participación cidadá e o coñecemento da nosa realidade máis próxima.

Partindo desta realidade e utilizando como ferramenta e recurso imprescindible a Ludoteca, desde o Programa de Educación Familiar planificouse realizar unha saída cada mes do ano a cada unha das parroquias do noso concello.

Estas saídas, ideadas como descubrimento da nosa realidade medioambiental, social, cultural ou patrimonial, aínda que teñen como poboación preferente a infancia, é dicir, os e as menores do noso concello, tratan de implicar tamén ás familias, e aos axentes sociais das parroquias que visitamos e tamén do resto.

A estrutura das visitas é a seguinte: Primeiro realízase un contacto previo cos axentes da zona, e consensuadamente decídese o itinerario ou percorrido. A continuación deséñanse as actividades a realizar, tendo en conta se a visita coincide cunha festa puntual (por exemplo o Magosto), se os participantes queren mostrar algún feito ou lugar singular da súa parroquia, ou atendendo aos temas que se estean a traballar cos/as menores. A toma de decisións é sempre valorada e consensuada.

Como o eixe central da experiencia son os nenos e as nenas do concello, a saída propónse como un xogo no que todos/as participamos, xa que pensamos que é un medio privilexiado para coñecer, relacionarse e descubrir. Neste xogo partimos sempre da realidade que existe, empregando o entorno como recurso, e condúcese ás/aos participantes cara as cuestións claves nas que queremos incidir.

Na actualidade *Descubriendo Vedra, doce meses, doce parroquias* está centrada na realidade das mulleres de Vedra.

DESCUBRINDO VEDRA, 12 MESES, 12 PARROQUIAS

Carmen Sabio Sanz

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

A través desta proposta pretendemos incidir no que nós consideramos unha parte esencial para coñecer en profundidade o noso concello: a realidade das mulleres que nel viven; ao mesmo tempo que se promove a educación en valores, e as habilidades sociais na infancia e na comunidade, como a coeducación, a empatía, as habilidades relacionais... partindo dun entorno significativo.

Cada mes realízase a visita didáctica a cada unha das parroquias do Concello e, mediante a investigación-acción e as distintas actividades deseñadas desde o xogo, os/as nenos/as do concello elaboran un traballo de recompilación sobre as mulleres de Vedra e “en Vedra”, atendendo aos diferentes aspectos que compoñen a súa realidade, por exemplo: as mulleres e o traballo, as mulleres e o lecer, as mulleres e as asociacións, a participación das mulleres, as mulleres e a cultura, as mulleres e a educación, as mulleres e a saúde, as mulleres e a lingua, as mulleres e o medio ambiente, mulleres e familia etc.

A intención é que, ao remate “deste descubrindo Vedra”, se realice unha publicación coa recompilación e os traballos dos/as nenos/as que, dalgún xeito, reflicta a súa particular visión sobre a realidade das mulleres “Olladas de nenos/as: as mulleres en Vedra”.

REFLEXIÓN

Contouse cos diversos axentes activos locais (familias, asociacionismo, servizos sociais...), trátase en definitiva dunha opción polo traballo cooperativo, é dicir, dunha estratexia educativa orientada a toda a comunidade local que conforma un único ámbito socioeducativo.

Neste sentido buscábase promover prácticas solidarias e establecer relacións interxeracionais e igualitarias entre as persoas dun mesmo entorno local, o noso concello, intentando formar parte e participando da nosa realidade social.

Todos/as somos educadores/as e educandos/as, e na interacción local todos/as exercemos ambas funcións. No desenvolvemento da actividade como liña de continuidade temos presente que a acción educativa ten que promover o asociacionismo educativo e a participación.

Deste xeito, contando coa colaboración de veciños/as activos/as da comunidade promóvense unha serie de accións:

- Coñecer as dinámicas culturais e sociais que teñen lugar no concello.
- Promover o diálogo entre as asociacións e axentes locais do concello.
- Realizar accións educativas que favorecen actitudes de confianza mutua e recoñecemento dun espazo común: o concello de Vedra.
- Fomentar a participación da comunidade local.
- Atraer a persoas do entorno para a participación na dinámica educativa local.
- Favorecer un clima de diálogo compartido.

Deste xeito, considero que é unha experiencia rica e positiva para todos/as os/as participantes e, en definitiva, para a comunidade local.

CONTACTO

Enderezo	Avenida Manuel Gómez, 1, c.p. 15885 Vedra (A Coruña)
Teléfono	981814693
Web	http://www.concellodevedra.com
E-mail	carmen.sabio@vedra.dicoruna.es

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

EXPERIENCIAS PARA CONSTRUIR A PAZ

Bernardo Carpena Allegue

Nunha frase	Presentamos dúas experiencias: Obradoiro da escrita e Largada da Pomba.
Áreas	Escola, Educación para a Paz, Formación do profesorado, Interculturalidade, Educación en Valores.
Entidade	Asociación Galego Portuguesa de Educación para a Paz (AGAPPAZ).
Axentes	- Profesorado dos centros, educadores/as, animadores socioculturais entre outros profesionais de entidades que teñan a función de dinamizar ou traballar con distintos grupos. - Escolares de Educación Primaria e de Secundaria. - Familiares de escolares, ANPAS... participantes en eventos como os presentados.
Desde	- Largada da Pomba desde 1983. - Obradoiro da escrita desde o curso académico 1997/1998.
Territorio	- Principalmente nos centros educativos de Galicia (CEIP A Doblada, CEIP Celso Emilio Ferreiro, colexio Losada de Vigo) e Portugal. - Nos <i>Encontros galego-portugueses de Educadores e Educadoras pola Paz</i>. - Nas Xornadas de Formación do Profesorado <i>Escuela de Verano de Acción Educativa</i> de Madrid, desde o ano 2000
Olo a isto!!	Da experiencia de lingua escrita xurdiu a obra: VV.AA. (2004): <i>Gramática Insubordinada. Obradoiro de lingua Gianni Rodari</i> . Vigo: Ed. Xerais.

OBRADOIRO DA ESCRITA

OBXECTIVOS

- 1º Ante todo dialogo.
- 2º Respecta ao compañeiro ou compañeira que ten inspiración e tomar nota.
- 3º Revisar alucinacións.
- 4º Gozar co proceso colectivo de creación.
- 5º Tirar proveito do erro.
- 6º Rañar na metonimia.
- 7º Mergullarse na metáfora.
- 8º Apoiarse na repetición: insistir.
- 9º Darlle brillo: borrar.
- 10º Ler.

Estes dez mandamentos encérranse en tres: LER, ESCRIBIR e LEVARSE BEN

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Trátase de construír un acróstico coa divisa "PEDIMOSA PAZ". Para lle dar pulo ao pretexto pedimos que cada verso sexa un centón. Levamos libros de versos.

- Acróstico: Distribución das grafías iniciais de cada verso de modo que lidas en vertical compoñen un nome ou frase.

EXPERIENCIAS PARA CONSTRUIR A PAZ

Bernardo Carpena Allegue

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

- Centón ou proverbio: Un centón é un poema elaborado con versos ou medios versos preexistentes. Posúe unha enorme capacidade para adquirir sentidos que transcenden os textos de orixe. Tamén se consideran centóns ou proverbios os refráns alterados; emparellamento da primeira metade dun proverbio e a segunda doutro: "Ceo escamento, muller é", "Home casado, ou chuvia ou vento".

A gracia dun bo centón é que non chie. O centoneir@ pode utilizar versos enteiros ou fundir dous hemistiquios nun só verso, mais nunca dous versos seguidos da mesma autoría.

No cadáver exquisito os textos son propios; no centón os textos son prestados, presupoñen un coñecemento da obra e certo gusto no cortar e ao pegar (*Gramática Insubordinada*, Ed. Xerais).

E para ilustrar, un exemplo:

Centón a partir dos versos do poemario de Xico Braga *Receitas poéticas*. Escolle e secuenciación de Bene Tielas:

Procuró as raíces, minhas raíces
Em escondidos rebuscados
Do tempo que já lá vai
I o fim da fatiga tanta
Mergulho enchendo de vida o meu peito
O desejo dum beijo
Só o coração a avir-se

A minha vida

Procuró as raíces, minhas raíces
Avram-se os rostos
Zoe o vento nos espelhos

REFLEXIÓN

Un barco atraca nun peirao.
Un ladrón atraca nun banco.
Eu atrácvos cunha tenrura de canóns recortados
para que me entreguedes o voso coidado.

-Isto é un atraco.
¡De mans dadas!
A punta de poema veño asaltar,
corazóns fechados,
a vos roubar a indiferenza.
Se ao saídes por esa porta (libro)
vos deixo "tocados",
perdón (serán rabuños de amor sen importancia).

Gloria Fuertes

Se houbese unha Fantasía como hai unha Lóxica, teríamos descuberto a arte de crear -dicía Novalis-. Tentamos operativizar a utopía de xogar a aprender, de aprender xogando, que tanto ten. Pretendemos fechar a aula ao aborrecemento converténdoa nun obradoiro de investigación activa, diverxente, disparatada e creadora. Somos afillados e afiliados da Gramática da fantasía de Gianni Rodari; curmáns da Psicanálise dos contos de fadas de Bruno Bettelheim e parentes de Alicia no país das marabillas de Lewys Carrol. A nosa gratitude a todos eles e moi especialmente a Federico Martín, entrañable mestre de mestres, que percorre os camiños a recitar os outros libros redescubrinto nos de sempre, palabras libres coma lebres.

EXPERIENCIAS PARA CONSTRUIR A PAZ

Bernardo Carpena Allegue

REFLEXIÓN

Se fosemos mariñeiros procuraríamos bancos de peixes; como somos mestras e mestres, buscamos bancos de palabras. Palabras pequenas e lixeiras que irán tomando peso. Palabras pequeniñas que serán palabras maiores.

Andabamos a buscar renovadas palabras para fermosas verdades aínda sen sitio nesta historia. Miramos na axenda dos nosos días e apareceron entre a rapazada palabras de trigo limpo saborosas e quentes coma pans.

Palabras de cores afables, palabras sen retórica, palabras sinxelas. Palabras para trocar por outras sen perdelas. Palabras para pedir perdón, para agradecer, para se rebelar...

A palabra como instrumento que recibimos e co que traballamos. Da cal somos amos, amas e escravos, escravas. Amos, amas pois recreámola; escravos, escravas pois temos que nos ater ás regras que as constituíron a través do tempo. A palabra achéganos a demais xente. A palabra. Andamos á procura de palabras que non leve o tempo.

Velaí unha receita para pedir a Paz, para cociñar a Gramática. Un método de creación e transformación de textos. De pretextos. Un fío do que turrar para de textos, co que levar a tinta de paseo.

LARGADA DA POMBA

OBXECTIVOS

- Construír formas de relacións humanas saudables e creativas con outras comunidades.
- Potenciar a comunicación escrita construíndo mensaxes creativas na nosa lingua.
- Posibilitar o coñecemento mutuo.
- Promover a Educación para a Paz construíndo e compartindo en grupo actividades que nos acheguen á valores desexables relacionados coa Cultura da Paz.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Na miña escola, o Centro Educativo Celso Emilio Ferreiro de Vigo, celebramos o *Día da Paz*. O acto estrela consiste na "Largada da pomba". Co paso dos anos virouse un rito similar ao do nacemento no Nadal, ao Magosto, ao Día das Letras Galegas...

Trátase dunha pomba en poliespán de dous metros de envergadura que, suspendida por tres enormes globos, se eleva maxestuosamente mentres soa "O silencio" de Roi Etzel. Leva no seo mensaxes de paz elaborados no *Obradoiro de Escrita*.

Leva tamén unha carta para quen a apañar que di:

Está vostede en posesión da Pomba da Paz que, como cada ano, ceibamos no CPI Celso Emilio Ferreiro de Vigo. Pregámoslle teña a ben facela chegar ao colexio público máis próximo e lle entregar ao director/a do mesmo a carta adxunta. Nela van as indicacións oportunas para reparar a viaxeira da paz e deixala en condicións que poida seguir o seu periplo. Co noso agradecemento.

E outra para o/a director/a da escola pública máis próxima:

Somos o Colexio Público Celso Emilio Ferreiro de Vigo que largou esta pomba coa mensaxe de Paz o 30 de Xaneiro de 2006, aniversario do pasamento de Gandhi.

Estaríamos encantados/as de lles botar unha man na súa reparación para que poida continuar viaxe.

Teléfono 986 29 80 58

Fax. 98623 50 54

Graciñas, compañeiro/a

Asdo. Verísimo F. Pazos. Director/a

EXPERIENCIAS PARA CONSTRUIR A PAZ

Bernardo Carpena Allegue

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Ten que haber un discurso, cunha reflexión sobre a cultura de Paz previo á largada. Un minuto de silencio polas guerras e o terrorismo.

As veces, alguén recolle a pomba e temos respostas ilusionadas. No ano 2000 contestaron desde O Carballiño e no 2001 desde Viseu, a 40 Qms. de O Porto. En ámbalas dúas ocasións propiciou o inicio de ilusionadas relacións entre colexios.

Presentouse como experiencia no ano 1999 nas *Xornadas da Paz* celebradas en Santiago. Resultou entrañable.

Construír a pomba leva unhas tres horas. Os materiais saen nuns 60 euros.

REFLEXIÓN

Non pode haber paz mentres a conciencia dos humanos acepte os factores que producen a guerra. Temos que desarmar a mente para construír a paz. Contrariamente, a pedagogía militar pretende que a nosa conciencia acepte como segura e pacificadora a proliferación de armas, desde o machete e a mina antipersoas, ata as armas de destrución masiva, o que conleva a formación de conciencias que interioricen a bondade das mesmas. Nos últimos cen anos morreron máis de cen millóns de persoas nos conflitos bélicos... Diante deste magnicidio, onde quedan a seguranza e a pacificación?

Á violencia directa das guerras súmase a inxustiza social xerada polas estruturas do poder, que están a producir situacións de fame, analfabetismo, falta de atención médica, desemprego, discriminación, etnocentrismo fechado, racismo, xenofobia... E todo este círculo infernal móvese nun ambiente natural tan deteriorado que algúns ecoloxistas xa falan de ecocidio.

Desde esta realidade negativa non vale mirar para outro lado, non vale facerse de novas ou pensar que non temos responsabilidade ningunha. Como educadores e educadoras temos de vivir, imaxinar e transmitir valores e actitudes que empapen de paz as nosas relacións. Vivir é transmitir actitudes e comportamentos xustos e solidarios. Isto, non é outra cousa, que educar e educámonos para a paz. Temos que facer pedagogía da paz, crear unha nova conciencia que descubra o territorio da verdadeira seguranza e da auténtica pacificación.

Una nova conciencia que denuncie o desfasamento entre os gastos militares para a morte, e os gastos civís para a vida: os gastos en educación, sanidade, conservación do medio ambiente...

A educación para a paz tenta contrarrestar os valores da cultura dominante, que exalta a competencia inmisericorde, que enaltece a guerra, a insolidariedade, a lei do máis forte, o sexismo, o conformismo... Fronte a unha cultura da violencia, do menosprezo, da submisión, cremos na cultura da paz. E xa é hora dunha cultura da creación relaxada, lúdica... Somos realistas, pedimos o imposible. A imaxinación ao poder!

Os valores son coma as estrelas que veñen dos espazos cósmicos para iluminar a historia dos tempos e lugares. O valor da paz é unha luz sempre anovada, chea de matices multicolores, que vai enriquecendo as nosas percepcións e sentimentos. A educación para a paz terá de fuxir da fachenda e da cobiza. A luz é patrimonio de todos, a educación para a paz é unha educación para a humildade, para o agradecemento, para o gozo compartido, para o xogo nun contexto solidario.

Os que cremos na escola laica precisabamos un rito alternativo ás celebracións relixiosas: A largada da pomba. Non hai camiños para a Paz; a Paz é o camiño.

CONTACTO

Enderezo	CEIP Celso Emilio Ferreiro, O Porriño s/n c.p. 36209 Vigo (Pontevedra).
Teléfono	986298058
Web	http://www.educadorespolapaz.org
E-mail	bcarpena@edu.xunta.es

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

GRUPO DE LETRAS

Nerea Couselo Fernández

Nunha frase	A A.X.C. ITACA leva xa máis de vintecinco anos ofertando actividades de moi variado tipo para mozas e mozos da bisbarra de Compostela.
Áreas	Lecer, infancia e mocidade
Entidade	Asociación Cultural e Xuvenil ITACA
Axentes	Monitores e monitoras de tempo libre, educadoras sociais e asociados/as
Desde	A A.X.C. ITACA leva xa máis de vintecinco anos ofertando actividades de moi variado tipo para mozas e mozos da bisbarra de Compostela.
Territorio	Comarca de Compostela, A Coruña
Ollo a isto!!	O xogo, a ecoloxía, a acción, o pacifismo, a coeducación, o desenvolvemento, Galiza, a aventura, a educación no lecer e no tempo libre..., son parámetros que definen a idea de ser e facer de ITACA, e que pautan tanto o tipo de actividades que se programan, como o xeito de levalas a cabo.

OBXECTIVOS

As súas fins, tal e como estatutariamente se establecen, son:

- Promocionar a participación da mocidade e a infancia na sociedade.
- Promocionar a cultura e o idioma galegos, fomentando o seu coñecemento e disfrute de forma participativa pola mocidade e a infancia.
- Promocionar a igualdade entre xéneros dende a coeducación.
- Promocionar o coñecemento e o respecto do Medio Ambiente.
- Promocionar os modos de vida saudables, fomentando actitudes sanas e lúdicas como alternativas de lecer.
- Promocionar o enriquecemento cultural e do espírito crítico e participativo entre a infancia e a mocidade, buscando o cambio social baseado na equidade.
- Dar resposta ás necesidades sociais específicas da infancia e mocidade, especialmente daqueles grupos sociais máis desfavorecidos ou en situación de desintegración familiar ou inadaptación social.
- Promover o coñecemento e contacto con outras culturas, en especial as máis desfavorecidas e oprimidas.
- Constituírse nunha canle de expresión das inxedanzas da infancia e a mocidade.
- Educar no respecto ás diferencias, nos dereitos humanos e na tolerancia, nunha cultura de paz e nonviolencia.
- En xeral, a Asociación procurará a súa inserción no entorno inmediato co fin de dar solucións ás necesidades sociais da comunidade, en especial dos máis desfavorecidos, poñendo maior atención á infancia e mocidade.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

As actividades realízanse tanto no local da asociación, sito na Rúa do Pombal nº18-baixo, nas rúas e parques de Compostela, como nos lugares visitados en roteiros, saídas e acampadas que se teñen feito ao longo de todos estes anos. Unha equipa de educadores/as, variable no seu número de membros son os encargados da xestión, planificación e monitorización de todas as actividades e coordinación de recursos.

Dentro da programación anual de actividades, ocupa un lugar verdadeiramente importante o chamado 'Grupo de Letras', proxecto que aúna varias accións encamiñadas ao fomento e promoción da lingua galega e que serve, ao mesmo tempo, como apoio aos xoves autores/as que queren ver publicadas as súas obras, froito da súa especial inxedanza e talento.

As publicacións e actuacións que conforman o programa son as que a continuación se detallan:

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Papiritaca: revista de creación xornalística onde teñen cabida os artigos, reportaxes de opinión, debuxos, entrevistas... elaborados polos nenos/as e rapaces/zas participantes no acampamento de verán que organiza a A.X.C. ITACA no mes de xullo.

Edicións Itaqueiras: en formato de pequeno caderniño, nas *Edicións Itaqueiras* acóllese e édítase material moi heteroxéneo e diverso. Son obras puntuais e globais en si mesmas que se editan illadamente para conferirlle un carácter e sentido único: libriños de 'pinta e colorear' para os meniños/as con pequenos textos doados de comprender; guías informativas para os pais, nais, titores/as sobre o lecer infantil e xuvenil; manuais teatrais; manuais técnicos en torno o mundo da acampada; contos infantís e un longo etcétera.

Biblioteca: actualmente atópase en pleno proceso de catalogación e adquisición de fondos.

Sete Noites en Alaska: caderno de creación literaria para mozos/as. Nel teñen cabida relatos, poemas e debuxos feitos por xente nova, xoves autores/as galegos/as (e non galegos/as pero escritores/as en galego) afeccionados/as ao mundo da literatura aos que se lle dá a posibilidade de ver publicadas e difundidas as súas obras.

Comuna de Letras: naceu coa idea de fomentar a lectura e a escrita en galego entre os nenos/as máis pequenos/as a través de actividades de animación. Levouse a cabo durante dous cursos seguidos entre os anos 2001 e 2002. Retomouse de novo este curso.

O 'Grupo de Letras' é un programa que agocha nos seus plantexamentos iniciais a importancia dos materiais impresos no desenvolvemento educativo e formativo do colectivo infanto-xuvenil. A relevancia que gardan estes recursos no eido da educación regrada é indiscutible (vexamos xa a dependencia das actuacións docentes para cos libros de texto, por exemplo), pero no ámbito da educación non formal e, en maior medida, no contexto da educación no lecer e tempo libre, estiveron totalmente esquecidos e relegados a un segundo ou terceiro termo.

Facer lectores/as, autores/as e creadores/as é, en última instancia, o propósito que busca este programa, e sempre mantendo a perspectiva de que os nenos/as e os mozos/as deben ser os máximos promotores/as e protagonistas.

Á par disto, o 'Grupo de Letras' substéntase na convicción de que a autoproducción conxunta de materiais deste tipo, son un bo alicerce de cara á formación permanente dos profesionais da educación, e neste caso, dos profesionais da educación non formal no tempo libre dos máis cativos/as.

É un programa, ademais, que busca a normalización do uso do galego en todas as súas dimensións e a difusión da realidade cultural da Galiza a través dos contidos que se desenvolven nas publicacións.

De todo o dito ata o de agora pódense xa determinar cales son os seus obxectivos fundamentais:

Alentar e motivar á mocidade cara a creación literaria e artística.

Fomentar o uso do galego como canle de expresión escrita: fomentar a expresión e divulgación da realidade cultural e lingüística de Galiza.

Darlle a posibilidade aos autores/as e creadores/as noveis de ver publicadas e difundidas as súas obras.

Fomentar o papel activo, creativo, artístico e crítico do colectivo xuvenil.

Alentar e apoiar o espírito de iniciativa e a integración das ideas do colectivo infanto-xuvenil na sociedade actual.

Sete Noites en Alaska pódese considerar como o antecedente orixinario e máis primixenio do actual 'Grupo de Letras'. O seu primeiro número editouse no ano 1998 e xurdiu como resposta ás inxedanzas dun pequeno grupo de persoas que desenvolvían o seu traballo no seo da Asociación Xuvenil e Cultural ITACA, e que axiña atoparían a colaboración doutros tantos, para paliar unha situación, naquel momento diagnosticada e sentida, de carencia de canles de difusión das obras literarias da xente nova compostelana.

A partir desta primeira publicación varias persoas máis véronse interesadas e especialmente motivadas para implicarse totalmente na confección e proceso de elaboración da revista. Sen embargo, nos tres anos consecutivos, a Asociación Xuvenil e Cultural ITACA viuse sumida nunha etapa de desequilibrio propiciada por un importante relevo xeracional no equipo de educadores/as e o seu consecuente reaxuste e adaptación global da vida asociativa, circunstancia que, ao fin e ao cabo, non pasou desapercibida na dinámica regular do programa de actividades e que fixo imposible continuar con total normalidade co que anteriormente se estaba desenvolvendo, e dentro disto, coa tentativa de confeccionar o 2º número de *Sete Noites en Alaska*.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Sen embargo, unha vez superada esta etapa de reaxuste, esas persoas que mostraran interese en participar de cheo na confección da revista e que viron truncadas as súas expectativas polos acontecementos expostos con anterioridade, retomaron a idea orixinal con novos bríos. A estas persoas uníronselles outras. A este proxecto de creatividade e creación literaria uníronselle outros. E é aquí cando comeza a rondar a idea de harmonizar todas estas iniciativas nun proxecto conxunto, o que máis adiante pasaría a denominarse o 'Grupo de Letras'. Este grupo comezou a traballar nas primeiras *Edicións Itaqueiras* que saíron á luz no mes de outubro do 2001. Catro foron finalmente os libríños publicados con temática e cariz ben distintos e coa colaboración de xente ben diversa. Un destes era a idea actual de *Papiritaca*. Paralelamente, foise traballando na recopilación de textos literarios a través de varias reunións con numerosas persoas interesadas en publicar en *Sete Noites en Alaska*. Todo este longo proceso viuse culminado a finais do outono do ano 2002, data na que se publicou finalmente o ansiado número 2.

Nos anos consecutivos a actividade foi lenta pero continuada e o traballo foi coordinado por un grupiño de persoas da equipa de educadores/as formado por educadores/as sociais, xornalistas e deseñadores/as gráficos.

REFLEXIÓN

O presente é un proxecto que garda no seu sentido e fundamento de ser numerosas e diversas motivacións:

- A promoción dos materiais impresos como recursos didácticos e educativos de primeira orde.

- O apoio no proceso formativo dos profesionais da educación non formal no ámbito do lecer e tempo libre mediante a autoproducción conxunta de materiais didácticos, dende a perspectiva da necesidade de formación permanente.

- O fomento de actitudes creativas e creadoras na mocidade e infancia.

- O fomento de actitudes lectoras na mocidade e infancia.

- O apoio aos novos/as autores/as e creadores/as que quizais doutro xeito non poderían ver publicadas as súas obras.

- A defensa incondicional do uso do galego e a súa promoción e normalización.

- A difusión da realidade cultural e lingüística da Galiza.

- A axuda ao país/nais no proceso educacional dos seus fillos e fillas.

- O impulso da participación activa do colectivo da mocidade: facelos realmente protagonistas e promotores/as.

En liñas xerais, podemos perfilar un abano de **circunstancias e aspectos do programa 'Grupo de Letras' susceptibles de ser melloradas**, ou necesidades que deben ser solventadas para acadar o obxectivo último de expandir e consolidar o programa:

- Requírese unha máis exhaustiva planificación temporal das actuacións que nos permita traballar sen presa pero sen pausa na consecución dos nosos obxectivos.

- A difusión das obras e divulgación do proxecto semellan ser aspectos nos que apenas se traballou alén da distribución entre os socios/as de Itaca, polo que a repercusión das obras fóra deste contexto non é palpable.

- A necesidade de dotar á asociación de medios audiovisuais axeitados é un elemento prioritario: isto permitiría rentabilizar esforzos e tempo.

- A dependencia de financiamento con respecto á subvención anual da Secretaría Xeral de Política Lingüística é practicamente total, polo que habería que atopar maneiras de financiamento alternativas que garantan a supervivencia do programa no caso de non percibir esta axuda económica.

- Ao longo destes sete anos editáronse 5 números de *Sete Noites en Alaska* coa colaboración de máis de quince novos autores/as; vinte caderniños nas *Edicións Itaqueiras* con temáticas ben diversas (manuais de acampada para os nenos/as que se inician nesta práctica; de teatro; de interpretación do ceo; de obradoiros; de primeiros auxilios; contiños de pinta e coloreas para os nenos/as máis pequenos; manuais de xogo de rol; tres contos da *Serie Etitacalexa*; de xogos tradicionais bailados; de xogos de chapas; guías para pais/nais...); seis *Papiritacas*...

GRUPO DE LETRAS

Nerea Couselo Fernández

CONTACTO

Enderezo	Rúa do Pombal nº18, baixo _ 15705 Santiago de Compostela
Teléfono	981.562.250
Web	http://www.itacafederacion.org
E-mail	info@itacafederacion.org

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

LEÑA VERDE

Alberto García Sánchez

Nunha frase	O Boiro Novo é a cidade que queremos ...
Áreas	Cultura e mocidade – novos creadores
Entidade	Concello de Boiro
Axentes	Comarca da Barbanza, 120.000 habitantes Persoal Técnico do Concello de Boiro
Desde	2000
Territorio	Comarca do Barbanza, 720km ² , A Coruña
Ollo a isto!!	É un proxecto integral e integrador que se compón de moitos soportes que fan uso do medio comunitario para difundirse e medrar. Certames, revistas, creadores/as e demais formas artísticas forman o elenco de iniciativas a prol da mocidade barbanzana e boirense en particular.

OBXECTIVOS

- Dinamizar a mocidade da comarca a través da cultura
- Relacionar o desenvolvemento integral da comarca co feito creativo
- Crear un tecido social e profesional relacionado coa creatividade
- Proxectar unha imaxe de comarca puxante e innovadora

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

2000

Fase I: achegamento á xuventude

Programa sociocultural de activación da mocidade a través da Cultura.

Dende o punto de vista da educación social, o programa pretendía no seu inicio activar a participación xuvenil e a súa implicación na vida comunitaria a través de aportacións positivas relacionadas coa "creatividade artística".

2003

Fase 2: creación da rede comarcal de novos creadores

Apoio á creación e difusión de novos valores.

Unha vez analizado o gran potencial creativo co que conta a zona de implementación do programa pasamos a unha segunda fase na que a motivación non era tan necesaria como o artellamento do que "xa existía". Darlle forma a unha rede comarcal de mozos e mozas que interaccionase e representase ao movemento xuvenil da zona foi o obxectivo desta etapa do programa.

2006

Fase 3: a perspectiva profesional

Neste momento os obxectivos netamente sociais se mesturan con obxectivos que camiñan cara ao desenvolvemento integral da zona de implementación. Desenvolvemento social e cultural pero tamén económico, demográfico e incluso político do territorio onde se incide.

Utilizamos a creatividade e o seu valor crecente na sociedade actual como elemento de desenvolvemento integral para plantexar accións nos eidos citados a continuación.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Edicións gráficas

Catálogo nº I: “rede comarcal de novos creadores”

Xestión directa do Concello de Boiro a través de grupos creativos informais. Fomento da participación non asociativa. Experimentación da implicación xuvenil a través de modelos flexibles de participación social. Visualización e posta en valor do potencial creativo da mocidade da comarca. Traslado dunha imaxe positiva tanto do colectivo xuvenil como da evolución da zona de implementación do programa.

Edicións audiovisuais

Paquetes de curtas Boiro 2006, 07 e 08

Xestión indirecta a través da ILE audiovisual de nova creación “Fungo cooperativa”. Externalización do servizo cara a un colectivo de colaboradores do programa que pasan a relacionarse coa administración baixo un formato empresarial pero con criterios sociais, tanto no seu funcionamento como na temática dos traballos audiovisuais que ofrecen ao concello (arquivo municipal de imaxes, festival de cinema social acción!, etc.)

Edicións musicais

Escola de música, locais de ensaio, gravación de maquetas, organización de concertos e festivais, promoción de novos grupos, etc.

Xestión indirecta a través da cooperativa Sonaxe, impulsada dende o Concello e que traballa como xestora da escola de música, dos locais de ensaio e da promoción de novos grupos a través do selo discográfico sonaxe.

Dende o punto de vista da educación social, a acción relacionada coa música que máis integra os obxectivos de desenvolvemento integral do territorio é a “mostra das culturas”, festival intercultural que supón unha transformación estrutural dunha festa con criterios sociais e políticos ao redor do binomio identidade-diversidade.

2009

Fase 4: O SINDICATO _ centro comarcal de novos creadores

Establecemento dun centro de creación debidamente dotado que sirva de dinamizador económico e social do concello a través de atracción de empresas e persoas creativas que favorecerán a diversificación da economía local e a evolución social do noso entorno, entendendo a creatividade e a experimentación como dinámicas de cambio que fan evolucionar social, cultural e economicamente o territorio.

REFLEXIÓN

Cómpre destacar:

- A implicación conseguida por parte do colectivo ao que vai dirixido e o que isto supón en canto á aplicación de metodoloxías participadas e de proximidade na xestión cultural.
- O fortalecemento da marca leñaverde entre a mocidade e a súa conexión con diferentes axentes, o que está posibilitando que o proxecto medre constantemente e acadé progresivamente o cumprimento dos obxectivos.
- O xurdimento de tres iniciativas empresariais directamente relacionadas co proxecto, o que implica fortalecemento do tecido social pero tamén empresarial relacionado coa creatividade.
- A centralidade conseguida polas dinámicas creativas na gobernanza municipal a raíz desta experiencia, así como a proxección exterior que a través da mesma se está a acadar do concello.

CONTACTO

Enderezo	Proxecto leñaverde. Centro social. r/ Manuel María s/n. 15930 Boiro
Teléfono	981 842635
Web	http://www.todofume.com
E-mail	kone@todofume.com

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

... NA VOZ DA XENTE

Nerea Couselo Fernández

Nunha frase	Proposta lúdico-participativa en torno ao Día das Letras Galegas.
Áreas	Animación sociocultural.
Entidade	Xandobela, Xestión e Dinamización Sociocultural
Axentes	- Historiadores/as e filólogos/as que a nivel cognitivo e gráfico determinaron os elementos susceptibles de interese. - Educadores/as sociais, pedagogos/as e dinamizadores/as socioculturais que idearon as estratexias lúdico-didácticas de achegamento aos contidos. - Lingüistas que adaptaron a grafía e vocabulario aos tempos e espectro de idade infantil. - Deseñadores/as gráficos. - Rapaces/zas que experimentan o material nos meses de abril e maio, mestres que utilizan o material na aula co alumnado, outros axentes culturais...
Desde	Fai catro anos. Nos meses de abril e maio de cada un dos anos.
Territorio	Onde se ubicase o homenaxeado de ese ano en concreto.
Ollo a isto!!	Non queremos asociar cultura con aburrimiento, senón con descuberta.

OBXECTIVOS

- Favorecer a empatía da poboación cos fitos da cultura, en especial a galega, a través do achegamento á figura do persoeiro homenaxeado no Día das Letras.
- Fornecerlle aos docentes unha ferramenta didáctica coa que afondar no coñecemento e ampliar os recursos dispoñibles para aprender sobre o autor/a e fornecerlle aos mozos/as un material didáctico accesible que lles apeteza conservar e consultar.
- Xerar dinámicas creativas de interacción encol da arte, facendo fincapé na dimensión histórica e literaria.
- Fomentar a simpatía e achegamento á aprendizaxe e á lectura dende o xogo.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

'... na voz da xente' é unha acción no ámbito da educación non formal, mais con plena convianza para a educación regrada, por canto a figura homenaxeada o 17 de Maio é materia obxecto de atención no itinerario curricular no ensino cada ano. Materia de ensino para a que non sempre dispoñen os/as docentes de materiais e nocións axeitadas para lle proporcionar ao alumnado unha aprendizaxe significativa.

O Día das Letras Galegas é unha data para conmemorar a obra e figura dunha “persoa de calidade cultural e humana que mereza propoñerse como exemplo á sociedade galega de hoxe” (Estatutos da RAG. Capítulo 2, Artigo 7). Mais sabido é que en ocasións as accións conmemorativas pouco alén van da edición dunhas poucas obras e a organización de congresos e actos protocolarios. Adoita acontecer que, en pasado o día, a cidadanía esquece por regra xeral ao persoeiro, pois non participou activamente nas actividades que o lembraban e adoita ver o seu traballo coma algo lonxano, cando non propio dunha elite.

A presente proposta vai dirixida a todas as persoas interesadas en se achegar á figura do persoeiro homenaxeado no Día das Letras Galegas, de xeito didáctico e lúdico-participativo, despertando a curiosidade e incentivando o se sentir partícipe, sendo especialmente recomendable para os últimos cursos de primaria e primeiros de secundaria.

Para acadar estes obxectivos ideouse un completo proxecto con diferentes actuacións e secuencias:

DESCRINCIÓN DA EXPERIENCIA

- **XINCANA LITERARIA.** Actividade dunha hora e media de duración dividida en diferentes probas e ideada para se desenvolver nun espazo sociocultural próximo e distinto ao centro educativo habitual dos/as rapaces/zas. A sesión artéllase en tres partes:

Recepción: Nun salón de actos, introdución á temática e ao modo de se desenvolver a actividade. Organización do Grande Grupo en Pequenos Grupos.

Probas da Xincana: O nó da actividade compóñeno unha serie de personaxes debidamente caracterizadas como contemporáneas do autor ou vencelladas ás temáticas que en vida traballou, que lle propoñen aos participantes pequenos retos en aras de resolver o grande enigma que foi presentado nun comezo. As probas están vencelladas coa vida e figura do homenaxeado combinando o compoñente histórico-literario coa dimensión lúdica e motivadora. Cada educador/a debidamente caracterizado/a expón algúns trazos sinalados da actividade do autor, das súas ideas ou do contexto da época e propón un pequeno xogo.

Espectáculo: Retornados/as ao Salón de Actos, unha pequena acción escénica a partir de textos do homenaxeado con música ao vivo conclúe a actividade pechando o círculo inicialmente aberto.

- **LEMBRANZAS DE...** Material didáctico que é proporcionado aos participantes logo da introdución. Nese intre é recibido non como unha Unidade Didáctica senón coma un Caderno de Bitácora necesario para o desenvolvemento do xogo. Trátase dun caderno incompleto (eis o reto que cómpre resolver, pois “as verbas dos devanceiros pérden na espiral dos tempos”) que se poderá ir completando a base de ir adquirindo coñecementos - superando as probas da xincana- pois logo de superar cada reto seranlles proporcionados os autocolantes coas ilustracións e textos “perdidos”. Deste xeito acádase que o material didáctico sexa sentido por cadaquén como algo propio que han de conservar con agarimo e utilizar con empatía. A maiores da virtualidade que o material didáctico poida ter en si, o feito de chegar ás mans dos participantes por esta vía lúdica e participativa favorece a identificación con el e cos seus contidos, pois é o testemuño que resta dunha experiencia formativa divertida e ademais foi elaborado por cadaquén coas súas propias mans. O material non pretende sentar cátedra senón incentivar a curiosidade. Curiosidade verbo as temáticas de importancia na singladura vital do persoeiro dignas de memoria e verbo dos temas obxecto de estudo nas materias de lingua, historia e literatura galegas primordialmente.

Trabállase ben moito para evitar redundancias e que a combinación da acción lúdica, acción espectacular e material didáctico fornecido resultase de utilidade e posibilitase unha panorámica cabal e completa da vida, obra e singularidade do persoeiro.

Desta maneira e transcendendo de estruturacións liñais, miramos de isolar os trazos sinalados da figura reducindo o amplo abano de coñecemento ás expresións máis esenciais e sinxelas. Por unha banda, enxergamos unha proposta de actividade lúdico-didáctica (Xincana Literaria), e pola outra demos en conformar unha serie de láminas temáticas independentes entre si e complementarias en conxunto a modo de material didáctico físico. No material didáctico, en cada lámina temática prescindimos de enfarragosas redaccións elaboradas para primar os compoñentes visuais, de xeito que a información chegue ao lector/usuario de maneira plástica por canle non totalmente racional. As imaxes non se conciben para ilustrar o texto senón que o texto ilustra as imaxes.

No proceso de deseño, programación e implementación deste proxecto participan moitas mans: historiadores/as e filólogos/as que a nivel cognitivo e gráfico determinaron os elementos susceptibles de interese, educadores/as sociais, pedagogos/as e dinamizadores socioculturais que idearon as estratexias lúdico-didácticas de achegamento aos contidos, lingüistas que adaptaron a grafía e vocabulario aos tempos e espectro de idade infantil, deseñadores/as gráficos, rapaces/zas que experimentan o material nos meses de abril e maio, mestres que utilizan o material na aula co alumnado, outros axentes culturais...

As intervencións de Xandobela baséanse nunha metodoloxía participativa, activa e flexible. Procuramos que a persoa se poida sentir en todo momento protagonista da acción, pois así se favorece unha aprendizaxe significativa. Somos partidarios/as de utilizar o xogo e as actividades lúdicas como conduto para o coñecemento, pois deste xeito promóvese unha mellor disposición, motivación e ánimo cara os contidos que desexamos promover. Acádase ademais unha acción de goce válida en si mesma, pois a fin propia do xogo é xogar e gozar facéndoo.

A xente quere ser sorprendida e non aborrecida, máxime en materias vencelladas á cultura, tantas veces asociada a actividades soporíferas. Sen perder por isto nin un ápice de rigor, entendemos que cómpre saber ser didácticos/as tanto na selección como na presentación dos temas e contidos. Este didactismo lúdico-participativo é o que Xandobela promove.

... NA VOZ DA XENTE

Nerea Couselo Fernández

REFLEXIÓN

E por que desenvolvermos este traballo? Porque estamos fartos/as de que pasado o día remate a romaría. Porque a conmemoración do Día das Letras é demasiadas veces unha sucesión de actos protocolarios que non acadan a atinguir o devalar cotián das persoas que hoxe en día son Galiza. Porque coidamos que cómpre certa valentía á hora de acometer accións no eido cultural. Non vale asociar “cultura” con “aburrimento” senón que a “cultura” debe relacionarse con descuberta e vivencia, integración de aprendizaxes e desenvolver a empatía cara o descoñecido interesante e a arte. Entendemos que asistir a un acto cultural non pode reducirse a unha “formalidade” ou “pasar o trago”.

Acometer e ser quen de desenvolver esta iniciativa ano tras ano significa moito no plano persoal e na sensación de incidencia no plano cultural e sociopolítico, e isto redonda autoestima. Autoestima para quen traballamos por sentir que fomos quen de xerar e resolver con éxito un complexo reto. Autoestima para as persoas que participaron da iniciativa, pois tanto os programadores culturais, docentes e alumnos que entraron en contacto con ela se sentiron gratamente sorprendidos descubrindo anovadoras facetas de si mesmos e do potencial cultural galego sen practicamente esforzo.

Logo de xa catro anos desenvolvendo este proxecto en distintos lugares (museos, centros educativos, bibliotecas, centros sociais e culturais...) de toda Galiza, podemos concluír que a recepción e acollida do proxecto é moi boa e os obxectivos se cumpren: favorécese o coñecemento da figura homenaxeada no día das Letras buscando empatizar con ela, normalizando iniciativas culturais galegas de carácter vivencial e participativo e en galego... e dende unha empresa galega, con forte vocación reivindicativa, que busca en todas as actividades que desenvolve crear un afianzamento da autoestima colectiva, e no que o uso e fomento do galego, o coñecemento, defensa e protección do medio sociocultural e natural galego é fundamental.

CONTACTO

Enderezo	Costa do Veedor, c.p. 15703, Santiago de Compostela
Teléfono	649.702.194 (Nerea Couselo) / 981.575.739
Web	http://www.xandobela.info
E-mail	info@xandobela.info

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

OTESOURO DOS NOSOS AVÓS

Marisa Guerra Cañizo

Nunha frase	Experiencia de colaboración interxeracional e de valoración do noso patrimonio.
Áreas	Interxeracional e Escola.
Entidade	IES A Sangriña.
Axentes	- Profesorado do IES A Sangriña. - Profesionais da Residencia de Terceira Idade Monte Tegra. - Alumnado do IES A Sangriña. - Informantes, transmisores da nosa tradición.
Desde	Curso académico 2005/2006.
Territorio	A Guarda, Pontevedra.
Ollo a isto!!	- Este proxecto recibiu un premio de innovación en normalización lingüística en setembro de 2008. - Varios dos traballos elaborados polo alumnado recibiron o premio ponte nas ondas de recuperación do patrimonio oral.

OBXECTIVOS

- Aproximar e transmitirle á xente nova as realidades do noso país (natureza, historia oral, refráns, tradicións etc.) e, especialmente, do lugar en que viven, que forman parte da nosa identidade como pobo. Queremos dignificar aos ollos dos rapaces e rapazas a cultura da súa contorna, para que se aproximen a ela cunha valoración positiva. Tamén buscamos unha valoración positiva da lingua galega e o respecto e prestixio para as persoas que a utilizan e promocionan.
- Promover as relacións interxeracionais, así como actividades de coñecemento e aprendizaxe conxuntas entre a mocidade e a xente maior.
- Crear actividades e produtos, combinando as formas de transmisión de coñecemento tradicionais coa aplicación de novas tecnoloxías, de tal forma que supoñan unha estratexia de difusión, sensibilización sobre a recuperación da memoria histórica, e adquisición de habilidades por parte da xente que participe.
- Conseguir incidencia e impacto social, implicando diferentes persoas e institucións e ofrecéndolle protagonismo e valoración positiva aos/ás involucrados/as.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

A xustificación deste proxecto vén dada pola recollida de patrimonio inmaterial oral (contos, lendas, cancións etc.) e porque o recordo dos avós é a fonte viva da historia máis recente. Valoramos especialmente o contacto humano entre netos e avós, que sempre foron respectados como transmisores de cultura, coñecementos e tradicións. Esta relación a todas luces moi enriquecedora estase perdendo, pois nos nosos días os avós raramente viven cos seus netos.

Cando xorde a idea? Desde o curso 2005/2006 algunha das persoas que agora participamos neste proxecto propuxémoslle ao noso alumnado realizar traballos de recompilación de información sobre diversos temas relacionados co pasado recente. Esta información sería tomada de persoas de máis de 60 anos seguindo unhas pautas de traballo de investigación de campo propostas polas mestras implicadas. Puidemos observar, que aínda que esta idea non tiña unha forma moi definida e non pasaba de ser un experimento, daba moi bos resultados.

O TESOURO DOS NÓSOS AVÓS

Marisa Guerra Cañizo

DESCRICIÓN DA EXPERIENCIA

Desde ese momento continuamos avanzando con esta idea, pouco a pouco foron incorporándose novos mestres e mestras e, finalmente, no curso 2007/2008, decidimos organizar un grupo de traballo, constituído por doce persoas, para poder desenvolver o noso proxecto dunha maneira eficaz. Foi así como logramos adquirir unhas habilidades no uso das TIC para orientar ao noso alumnado nese senso e obtivemos uns resultados que nos axudarán a seguir avanzando no noso traballo.

Un dos nosos principais obxectivos ao darlle forma a este proxecto é motivar ao alumnado, implicalo no seu propio proceso de aprendizaxe.

Pola nosa experiencia previa sabemos que funcionan moi ben aquelas tarefas didácticas que, como é este caso, teñen as seguintes características:

O alumnado ten un papel protagonista e activo na recollida de información e deixa de ser un mero receptor de contidos.

Hai un factor afectivo que xorde ao establecer unha relación de colaboración entre varias persoas que participan nun mesmo proxecto.

É moi importante a aplicación de novas tecnoloxías, que resultan moi motivadoras para o alumnado.

Para a realización dos traballos aplícanse técnicas de investigación como a entrevista, dirixidas e revisadas polo profesorado. Os materiais obtidos preséntanse en formato dixitalizado aplicando as TIC.

O profesorado orienta ao alumnado nas técnicas e no deseño de traballos de investigación. Estes realizaranse en pequenos grupos (3 ou 4 alumnos). Cada un dos distintos departamentos selecciona os contidos relacionados co currículo da súa materia. Para a realización dos traballos utilizarán técnicas de investigación como a entrevista e a gravación audiovisual. Os materiais obtidos transformaranse e presentaranse finalmente aplicando as TIC (en forma de documental audiovisual, como blog, web etc.).

Para o noso proxecto contamos coa colaboración da residencia de maiores “Monte Tegra” de Camposancos. Os rapaces, despois de asistir a unha charla que imparten os psicólogos da residencia para darlles as pautas polas que deben establecer a relación cos “avós”, entrarán en contacto directo cos informantes, que lles proporcionarán material para o seu traballo. Tamén poderán contactar cos seus propios avós para a realización do traballo de investigación.

Ao finalizar os traballos ofrecemos unha festa de convivencia con interpretacións musicais, xogos populares e narración de historias. Nela participan todas as persoas participantes no proxecto.

REFLEXIÓN

Desde a experiencia que xa temos podemos afirmar que con este traballo, os adolescentes descubren que o que lles poden transmitir os maiores é moi interesante e os avós prezan a actitude respectuosa e interesada polos seus coñecementos que mostran os alumnos e alumnas. Por outra parte, o alumnado recolle materiais moi valiosos desde o punto de vista do noso patrimonio cultural (contos, cancións, lendas, tradicións etc.) e tamén da recuperación da memoria histórica: as terribles experiencias dos tempos da guerra e da ditadura; aventuras de emigrantes; vellos oficios que xa se perderon...

Desde o punto de vista das persoas maiores que colaboran, tamén hai aspectos que destacar, que nos transmite, na súa valoración, Sonia Pérez, Psicóloga da Residencia Monte Tegra:

“Desde a dimensión social, estase a promover a participación social dos maiores institucionalizados, relegados na maioría das ocasións, ben polas limitacións físicas e mentais que padecen, ben polo abandono familiar, a realizar unha vida de illamento onde o único contacto social coa realidade realízase a través dos periódicos e a televisión. Este tipo de experiencias fan posible que os nosos maiores participen na sociedade en primeira persoa, como debedores sociais dun coñecemento oral esquecido.

O TESOURO DOS NÓS AVÓS

Marisa Guerra Cañizo

REFLEXIÓN

Desde o punto de vista psicolóxico, nunha experiencia interxeracional como é o caso do “Tesouro dos nosos avós”, trabállanse sobre contidos da memoria histórica que se abordan desde unha dobre vertente. Por unha banda é un traballo de adestramento de capacidades cognitivas, neste caso das capacidades comunicativas e mnésicas. A través das conversas cos rapaces os nosos residentes exercitan a memoria dun xeito diferente a como o fan nos talleres de memoria que semanalmente se poñen en marcha dentro do noso programa de actividades. Pero non hai que esquecer que se está a traballar sobre os recordos e a experiencia vital dos individuos, e o recordar toma singularidade ao envellecer non só pola posibilidade de adestrar a memoria, senón polas connotacións emocionais que adquire.

O traballo sobre as vivencias persoais dun individuo axuda a que a persoa faga un exercicio de reminiscencia. Hoxe sábese que a reminiscencia é unha función psíquica saudable que en ocasións logra integrar o pasado co presente. Pero a experiencia vital dos individuos é única e nalgúns casos é difícil de asimilar, deste xeito atopamos a explicación de moitas das reticencias coas que se atoparon os rapaces e rapazas ao intentar afondar nos relatos dos nosos maiores.

Aínda así poderíase considerar que os encontros co alumnado fan de fio condutor para que moitos dos nosos maiores fagan unha viaxe analítica polos seus recordos, acadando una reminiscencia positiva da súa historia de vida. Participar nas xornadas interxeracionais fixo que moitos dos residentes se sentiran escoitados por primeira vez, e que tamén por primeira vez lle atoparan un sentido positivo a moitos deses recordos tristes e negativos que marcaron as súas vidas.

Como conclusión podemos dicir que a aposta polo traballo interxeracional entre mozos/as e maiores danos aos/as profesionais, tanto da Xeriatria coma da Educación, un instrumento moi valioso para a socialización e, como xa comentamos, fai posible o achegamento de dúas formas diferentes de entender a realidade social.”

A colaboración entre persoas pertencentes a diferentes xeracións dá resultados moi satisfactorios. Establécese unha relación de empatía e unha corrente afectiva en moitos casos entre avós e netos. Tamén se rompen moitos prexuízos e ideas limitadoras preconcebidas sobre as persoas de xeracións diferentes.

Por suposto, non esquecemos que o obxectivo inicial é a normalización lingüística. Que se pode dicir que non sexa evidente? O feito de obter informacións valiosas, establecer relacións valiosas, realizar traballos valiosos, todo iso en lingua galega, ten por forza que levar a concluír que a nosa cultura é “valiosa”. Non é unha hipótese, sabemos que os prexuízos caen e que as actitudes cambian.

PERSOAS QUE PARTICIPARON NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Marisa Guerra Cañizo (Coordinadora do proxecto) (Dpto. Lingua Galega e Literatura; Normalización Lingüística); Pilar Alvariño Alvariño (Dpto. Lingua Castelá e Literatura; Dinamización da Biblioteca); Teresa Callís Sol (Dpto. Xeografía e Historia; Normalización Lingüística); Pilar Carro Loureiro (Dpto. Administrativo; Dinamización da Biblioteca); Victoriano Granja Díez (Dpto. Lingua Galega e Literatura); Ana Ledo Villaverde (Dpto. Lingua Galega e Literatura; Dinamización da Biblioteca); Susana Muíños Paz (Dpto. Educación Plástica; Normalización Lingüística); Cruz Rivas Carrera (Dpto. Lingua Galega e Literatura; Normalización Lingüística); Teresa Rouco Domínguez (Dpto. Administrativo); Susana Salvador Díaz (Dpto. Educación Física); Silverio Sotelo Sotelo (Dpto. Economía); Vítor Suárez Díaz (Dpto. Lingua Galega e Literatura).

CONTACTO

Enderezo	Avda. de Portugal, 21, c.p. 36780, A Guarda (Pontevedra)
Teléfono	986609015 e 986609017
Web	http://tesourosdosavos.blogspot.com
E-mail	ies.sangrina@edu.xunta.es

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

OBRADOIRO DE REGUEIFAS PARA ESCOLARES

Luís O Caruncho e Belén Piñeiro Álvarez

Nunha frase	Experiencia de creación oral e de recuperación dunha das nosas tradicións populares en Galicia.
Áreas	Animación Sociocultural, Escola, Cultura.
Entidade	- Idea orixinal da asociación veciñal de Valadares. - Nestes momentos a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia asume o desenvolvemento dos obradoiros nos centros educativos.
Axentes	- Expertos en Regueifas: Luís O Caruncho e Pinto D'Herbón. - Profesorado e alumnado dos centros educativos de Primaria e Secundaria. - Poboación en xeral que participa da regueifa.
Desde	- 1998 cando se celebrou o I Certame de Regueifas na asociación veciñal de Valadares (Vigo). - Curso académico 2002/2003 cando se celebran os primeiros obradoiros de regueifas nos centros Educativos de Primaria e Secundaria tanto públicos como privados.
Territorio	Galicia

OBXECTIVOS

- Sensibilizar na recuperación das tradicións populares entre a poboación máis nova.
- Activar o ensino e a participación entre o alumnado.
- Estimular a incorporación de vocabulario non usado nas rutinas ou hábitos diarios.
- Estimular a creación literaria.
- Invitar o goce dunha forma de lecer e dunha tradición na nosa cultura popular.
- Promover o uso do galego.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

En contextos educativos, iníciase o obradoiro cunha demostración de regueifa. Relátase a teoría, a orixe e a historia da regueifa, explicando os diferentes modos da regueifar no mundo iberoamericano.

A continuación fálase da regueifa, da estrofa que se utiliza e o nome que se lle dá aos regueifeiros e regueifeiras nos distintos lugares das terras iberoamericanas.

A partir de aquí, ven a parte práctica, na que entre o alumnado se constrúe un cuarteto incluíndo exercicios de ritmo e medida animando a que pensen e escollan cousas que lles gusta.

Péchase a actividade coa lectura de material creado e escrito polo propio alumnado que traballou na actividade ou no seu caso, coa copla ou coplas que cada quen teña disposición de cantar individualmente ou en grupo.

Engadir que hai un exercicio moi importante de medida de versos encadeados no que cada quen ten que crear un verso facendo unha presentación de si mesma/o.

Diferentes exercicios para agudizar o enxeño dos/as escolares:

- Versos de arranque: construción dun cuarteto a partir dun primeiro verso proposto polos regueifeiros.
- Xogo de verbas: construción dun cuarteto na que aparezan tres palabras determinadas previamente.
- Pé forzado: construción dun cuarteto que ten que rematar cun verso determinado con anterioridade.
- Xogo de rol: propónse unha situación con dous personaxes determinados, creando un diálogo improvisado a partir dunha situación determinada.

Os obradoiros se desenvolven en dúas sesións por cada grupo escolar no mesmo curso académico.

OBRADOIRO DE REGUEIFAS PARA ESCOLARES

Luís O Caruncho e Belén Piñeiro Álvarez

DESCRINCIÓN DA EXPERIENCIA

No caso de desenvolverse en centros socioculturais, festas populares ou en tabernas, a regueifa ás veces se inicia e desenvolve entre as persoas presentes e sen ningún protocolo ou presentación e outras veces, como en calquera outra actuación, nun escenario, situación na que se anima menos o público a ser participe.

REFLEXIÓN

Por unha banda, considérase unha actividade moi positiva porque o alumnado usa o galego con soltura e sen complexos na medida en que se lles anima a crear composicións usando a nosa lingua e falando sobre o que eles/elas teñen interese. Nalgúns casos destacan pola soltura coa que aprenden e demostran habilidades regueifando. En relación a isto, engadir que esta actividade favorece a autoestima de quen participa, séntense capaces de crear e descubren que non entraña tanta dificultade como parecía o principio.

Por outra banda, en canto a esta actividade desenvolvida en contextos máis abertos (en entidades sociais, feiras, tabernas etc.) con presenza dun público na maior parte adulto, a regueifa ten un valor engadido en canto animación social e cultural, transcorrendo entre as persoas asistentes (e non nun escenario). Xera moito interese e participación ao ser unha actividade lúdica e popular con contido moi vinculado as nosas vidas; así xorden situacións de persoas que espontaneamente se animan a entrar na regueifa.

CONTACTO

Teléfono

666838074

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

OBRADOIRO INTERXERACIONAL: ANTES E AGORA...

Sonia Paz Freire

Nunha frase	Intercambio de experiencias, coñecementos, inquedanzas e desexos.
Áreas	Interxeracional, Educación permanente, Animación sociocultural.
Entidade	Concello de Allariz, Área de Maiores.
Axentes	- Educadora social do concello. - Persoas maiores e nenos e nenas con idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos.
Desde	Entre os meses de xullo e agosto de 2008.
Territorio	Allariz, Ourense.

OBXECTIVOS

- Potenciar as relacións interpersoais e interxeracionais, as relacións entre persoas de diferentes idades, coa vontade de incrementar os seus vínculos e o coñecemento mutuo.
- Expresar, representar e comunicar sentimentos, ideas, sensacións e lembranzas.
- Exercitar as funcións intelectuais, emocionais e sensitivas.
- Desenvolver as capacidades de creación e expresión artística.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Esta experiencia enmárcase na *Área de Maiores* do Concello de Allariz, onde se desenvolven múltiples actividades ademais da que presentamos nesta ocasión; especificamente sitúase dentro do programa denominado “Concilia verán”.

Este obradoiro consistiu en realizar unha serie de actividades orientadas a fomentar as relacións interxeracionais. É dicir, en cada un dos seis días que tivo lugar a mesma traballamos un tema diferente.

O primeiro día (7 Xullo), comezamos explicando en que consistía este obradoiro, intercambiamos información en torno aos temas que desexabamos tratar e tamén realizamos dinámicas de grupo, para que así nos fóssemos coñecendo.

O segundo día (14 xullo), dedicámolo ao tema dos xoguetes antigos. Antes case ninguén tiña xoguetes mercados, senón que había que elaboralos. Por iso, a imaxinación debía voar e a creatividade poñerse a funcionar. Segundo nos contan os nosos maiores, os balóns facíanse con medias vellás recheas de trapo, os bugallos servían de canicas e os cartóns utilizábanse para facer mobiliario das bonecas.

O terceiro día (22 xullo) o tema era “as novas tecnoloxías”. Foi unha mañá idónea para que os máis pequenos xogasen cos maiores e lles amosaran o que eles sabían dos avances tecnolóxicos.

O cuarto día, (28 xullo), dúas antigas mestras relatáronos como eran as clases, o único libro que levaban, as pizarras e pizarríns, os cabás, os xogos de patio, o que alí aprenderon e cómo o pasaban.

O quinto día, visitamos o Museo do xoguete, lugar idóneo para intercambiar historias sobre xogos e xoguetes.

E o último día, rematamos a experiencia cunha avaliación oral e escrita sobre a mesma, ademais de xogar a xogos actuais que os nenos e nenas propuxeron, para todos e todas.

OBRADOIRO INTERXERACIONAL: ANTES E AGORA...

Sonia Paz Freire

REFLEXIÓN

Foi unha actividade moi enriquecedora para todos e todas. Esta experiencia interxeracional contribuíu ao coñecemento mutuo de nenos, nenas e maiores e á ruptura de estereotipos entre xeracións.

Outro aspecto moi interesante, é o sentimento de utilidade dos nosos maiores ao ser transmisores a través das actividades desenvolvidas, dunha cultura, duns coñecementos e duns valores esquecidos e/ou descoñecidos en ocasións polos nenos e nenas.

Este obradoiro permitiu a ambos colectivos convivir e coñecer os ámbitos en que se desenvolven unha parte importante das súas vidas como as vivencias, inqedanzas, desexos etc., de cada xeración.

Por suposto, en toda esta actividade promoveuse, sen dúbida algunha, o uso da lingua galega.

CONTACTO

Enderezo	Fogar dos Maiores, Campo da Barreira, 3 c.p. 32660. Allariz (Ourense)
Teléfono	988554059
Web	http://www.allariz.com
E-mail	maiores@allariz.com

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

PALABRAS MAIORES

Sandra Rodríguez Quintáns

Nunha frase	A historia dunha lingua está en quen a fala.
Áreas	Maiores, Animación sociocultural e Saúde.
Entidade	Xeneme Intervención Social e Concello de Teo
Axentes	- Educadoras Sociais de Xeneme: Marta Sanz Lorenzo, Rocío Cea e Sandra Rodríguez. - Persoas maiores de 65 anos das parroquias de Oza, Recesende e Lucí, do Concello de Teo
Desde	Outubro 2007e con posibilidade de continuar.
Territorio	Teo, A Coruña.
Ollo a isto!!	Tódolos luns, martes e mércores estamos en distintos grupos traballando coas persoas maiores temas transversais e termos que se perden polo non uso, favorecendo a identidade como país.

OBXECTIVOS

- Favorecer o desenvolvemento de habilidades sociais e persoais.
- Potenciar a autoestima e o autocoñecemento persoal.
- Desenvolver a capacidade lúdica, a espontaneidade e a creatividade.
- Revalorizar o patrimonio cultural galego tradicional.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Comezamos no 2007 realizando obradoiros de Recuperación da Memoria Histórica. Principalmente recollimos as historias de vida das persoas maiores do lugar, agrupadas estas por temáticas: infancia, música, gastronomía, oficios, emigración, festas etc.

A través destes obradoiros fomos recollendo experiencias, rememorando momentos significativos da historia de Galicia, compartindo vivencias e tamén recollendo palabras esquecidas que só perduran a través do recordo das persoas maiores, xa que o seu uso ven dado polo contexto no que se utilizan. Por exemplo, cando falamos dos oficios tradicionais podemos atopar unha boa cantidade de palabras relacionadas coa labranza que practicamente están en desuso e que deben ser recollidas.

É significativo tamén que nas diferentes parroquias do mesmo concello teñan varias denominacións para definir o mesmo, así como tamén diferentes expresións e frases feitas que descoñecen.

Todos estes conceptos fóronse recollendo ao longo das sesións e agrupándose baixo un mesmo denominador común, o dicionario de “Palabras maiores”.

REFLEXIÓN

A recollida destas palabras na voz e boca de persoas maiores permite que lle demos un sentido de revalorización ao idioma galego e da historia de Galicia, así como dos seus e das súas protagonistas que polo xeral non entenden que sexa significativo que se recollan estas palabras e que sexan conscientes de que son auténticos portadores de cultura.

PALABRAS MAIORES

Sandra Rodríguez Quintáns

CONTACTO

Enderezo	Avenida Rodríguez de Viguri, 12, 2ºA. Santiago de Compostela
Teléfono	981 57 47 07 / 670 021 734
Web	http://www.xeneme.com
E-mail	info@xeneme.com

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

PEQUEN@S REPORTEIR@S

Naiara González Fontenla e Iria García Martínez

Nunha frase	Nenos e nenas paséanse as parroquias de Culleredo como auténticos/as reporteiros/as.
Áreas	Lecer, participación e educación cívica
Entidade	AtalaiA.social e Concello de Culleredo (Área de Benestar Social).
Axentes	- Educadores/as sociais da empresa AtalaiA.social e a responsable do proxecto de atención á infancia da Área de Benestar Social (Bibiana Monteseirín Suárez) - Rapaces e rapazas de 8 a 11 anos.
Desde	Levou a cabo nas mañás dos sábados de xullo, agosto e setembro de 2008, de forma itinerante polas distintas parroquias da vila. Está englobado nun programa máis amplo denominado Sábados Miúdos organizado polo Concello. Terá a súa continuidade nun segundo proxecto que comezará en novembro.
Territorio	Culleredo, A Coruña.
Ollo a isto!!	Levan micro e cámaras e indagan sobre a historia das súas xentes.

OBXECTIVOS

- Fomentar o contacto e a participación dos rapaces/as co seu entorno
- Desenvolver habilidades sociais.
- Adquirir valores e normas cívicas.
- Fomentar o galego como lingua de uso.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

O proxecto Pequenos Reporteiros xira en torno a tres eixos de actuación: a relación coa veciñanza, o coñecemento do entorno e a adquisición de valores e normas cívicas.

A idea é que os/as rapaces/zas, dun xeito lúdico, analicen a súa comunidade e os recursos dos que dispoñen, interactuando no seu propio contexto e participando das actividades da súa vila. Para iso, convértense en reporteiros/as por uns días e, con micrófono e cámara de fotos en man, investigan sobre os oficios, as costumes, os recursos e incluso as festividades do seu pobo.

Unha vez recollida esta información, os/as rapaces/as elaborarán, na segunda parte do proxecto, un xornal en galego que se repartirá na comunidade.

REFLEXIÓN

O desenvolvemento destas actividades permite converter aos nenos e nenas da vila en suxeitos educativos activos, sendo receptores e transmisores dos contidos e coñecementos. Ademais, permite unha fonda relación veciñal, xa que hai un continuo contacto e intercambio de información coas persoas da vila.

O traballo en grupo, as estratexias, a amabilidade e a rapidez fan destes obxectivos educativos un proxecto do máis divertido.

PEQUEN@S REPORTEIR@S

Naiara González Fontenla e Iria García Martínez

CONTACTO

Enderezo	Rúa da Ribeira 64-C, c.p. 15220 Aldeanova-Ames (A Coruña).
Teléfono	677214613 / 981897817
Web	http://www.atalaiasocial.es
E-mail	atalaia.social@gmail.com

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

PORTABERTA, CENTRO DE LECER XUVENIL

María José Caride Delgado

Nunha frase	Espazo aberto de encontro onde as mozas e os mozos oleirenses poden gozar do seu tempo libre e enriquecerse del, dun xeito lúdico pero ao mesmo tempo didáctico, saudable e educativo.
Áreas	Animación sociocultural, Lecer e tempo libre, Xuventude
Entidade	- Enmarcada dentro do Organismo Autónomo Municipal de Cultura, concello de Oleiros. - Xestionada por DINAMO Xestión de actividades socioculturais S.L.
Axentes	- Educadora social e Director de tempo libre. - Mozos e mozas de 12 a 18 anos.
Desde	2007
Territorio	Oleiros, A Coruña.

OBXECTIVOS

- Ofrecer alternativas de lecer á mocidade de Oleiros a través de distintas actividades.
- Promover que as mozas e mozos adquiren patróns saudables no seu tempo de lecer (que aprendan a divertirse).
- Converter o centro en punto referencial para que as/os mozas/os obteñan toda a información que lles interese.
- Fomentar e usar o idioma galego no día a día do centro e o seu uso cotiá.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

PORTABERTA é un centro de lecer xuvenil onde as mozas e mozos oleirenses poden gozar do seu tempo libre e enriquecerse del, dun xeito lúdico pero ao mesmo tempo didáctico e educativo. É un lugar onde as rapazas e rapaces poden propoñer, participar, organizar, por en marcha proxectos... É O SEU CENTRO.

QUE FACEMOS EN PORTABERTA?

Para conseguir os obxectivos propostos programamos actividades atendendo aos seguintes bloques:

a) Cineforums

Mediante ciclos de proxeccións de películas, curtas, documentais... procuramos que as mozas e mozos debatan a partir dos temas reflectidos nas proxeccións. Así mesmo, fomentamos que elas/es mesmas/os propoñan que é o que queren ver ou que temas queren tratar. Búscase desta forma afondar en temas de actualidade, relacionados coa xuventude, problemáticas sociais... para que elas/es mesmas/os expoñan o seu criterio de valores, consensúen coas súas compañeiras e compañeiros, coñezan e respecten outros puntos de vista...

b) Obradoiros socioeducativos

Con estes obradoiros intentamos completar a formación social dos mozos e mozas desde a perspectiva do tempo de lecer. Algúns dos obradoiros contemplados son os seguintes: habilidades sociais, resolución de conflitos, educación para a saúde que inclúe a educación afectivo-sexual e sobre o consumo de sustancias tóxicas, obradoiros sobre consumo responsable, comercio xusto, de educación para o desenvolvemento...

c) Teatro

Consideramos que as artes escénicas son unha ferramenta dun alto valor pedagóxico e social para a mocidade. Ademais de supoñer unha excelente forma de ocio tamén contribúen á socialización, á creatividade...

d) Obradoiros artísticos

Dentro de estes obradoiros incluímos: clown, malabares, repercusión... todas elas actividades que buscan que os mozos e as mozas interaccionen entre si, traballen a expresión oral e corporal, perdan a vergoña a expresarse e actuar en público. Tráballanse áreas como a confianza nun mesmo, o control dos nervios, a observación do entorno como modelador da función...

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

e) Obradoiros manuais

Incluimos todos aqueles obradoiros nos que as mozas e os mozos poden crear coas súas mans, traballamos así a creatividade, a superación de conseguir un obxectivo, o tema do medioambiente cando utilizamos materiais de refugallo para crear novos obxectos... Exemplos destes obradoiros son o cespín, as chapas creativas, chaveiros de plastilina, carteiras de cómic, coiro, pulseiras...

f) Grandes xogos

O obxectivo de este tipo de actividades é conseguir que todos os usuarios e usuarias xoguen xuntos, para iso utilizamos xogos coma o enredos, o karaoque, o furor, as xincanas, xogos tradicionais... para que eles e elas aprendan a traballar de forma cooperativa, en equipo, e que aprendan a gozar e a divertirse cos recursos que están á súa disposición.

g) Ludocampionatos

Aproveitando o equipamento do centro, empregamos o seu material para organizar xornadas lúdicas. Estas actividades teñen como fin atraer á xuventude cara o Centro de Lecer. Nestas xornadas poden coñecer a outras/os compañeiras e compañeiros que teñen o mesmo gusto polos mesmos xogos, ver as cousas que se fan no centro, darlles ocasión para que aporten ideas de cara á programación...

h) Actividades de tempada

Ademais das actividades programadas ao longo do ano préstalle especial atención ás datas sinaladas. Datas como pode ser: o Samaín, o Magosto, o Día das Letras Galegas, a Noite de San Xoán, o 25 de xullo... Nelas tratamos de recoller o contido máis cultural para que a mocidade oleirense poida reinventalos para si mesmos e para o resto da sociedade. Trátase de que as mesmas mozas e mozos asuman a importancia que para a nosa cultura ten o conservar certas celebracións, a súa orixe, o seu significado, o que nos aporta... Que elas e eles sexan partícipes e xerentes do legado cultural que supoñen.

QUE SERVICIOS OFERTAMOS?

- Punto de información xuvenil: o que se pretende é facilitar a múltiple información que teñen as rapazas e os rapaces para que eles e elas sexan capaces de crearse un marco no que establecer o seu criterio para desenvolverse na sociedade.
- Centro de asesoramento afectivo sexual e hábitos saudábeis: Portaberta é o lugar axeitado para que a mocidade teña un punto no que consultar as súas dúbidas e recibir información, non só en relación a este tema, senón sobre drogas, trastornos alimenticios...
- Asesoramento e fomento do asociacionismo: é un pilar clave para sacar proxectos adiante, por iso, desde o centro se fomentará, a nivel formal e informal, que se leven a cabo as distintas actividades e ideas dos/as mozas/os.
- Asesoramento laboral: traballamos con aqueles/as mozos e mozas que as/os educadoras/es observamos máis "perdidos", que abandonaron o sistema educativo, que non saben que facer..., as distintas estratexias e habilidades de busca de emprego: onde conseguir a información relativa a el, como facer un currículo...

REFLEXIÓN

DINAMO, xestión de actividades socioculturais S.L, nace en febreiro do 2006, da unión de tres profesionais con ampla experiencia no ámbito do lecer e do tempo libre. Nace das inquedanzas de persoas que pretenden converter este ámbito no lugar onde desenvolver a súa carreira profesional, coa aspiración de poñer en positivo as profesións e as/os profesionais que traballan nel, a través de melloras nas condicións laborais, salariais e da construción dunha identidade profesional.

A empresa ten como un dos seus trazos de identidade o uso do galego, o que se traduce nunha utilización natural no día a día do desenvolvemento das distintas actividades e proxectos que se levan a cabo. Constitúe o vehículo de comunicación fundamental.

A isto hai que engadir unha particularidade do lugar onde se desenvolve a experiencia que presentamos, o concello de Oleiros, a súa aposta pola promoción do uso da lingua galega no seu quefacer. Neste sentido, danse as condicións necesarias para traballar en prol do uso da lingua galega.

PORTABERTA, CENTRO DE LECER XUVENIL

María José Caride Delgado

REFLEXIÓN

Isto vese reflectido no nacemento de PORTABERTA, sendo un dos obxectivos do proxecto educativo do centro, traballar (de maneira indirecta) en prol do fomento e do uso da lingua galega, a través do lecer, da diversión, do entretemento... Sen tomala como eixo central do noso quefacer profesional, inconscientemente vaise convertendo na lingua vehicular do tempo de lecer das mozas e mozos que asisten a PORTABERTA.

CONTACTO

Enderezo	R/Daniel Castelao, 5, c.p. 15178 Santa Cruz (Oleiros)
Teléfono	981614083 / 647488688
E-mail	centro.portaberta@gmail.com

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

ULLA ELEMENTAL

Iván García García

Nunha frase	Achegar unha realidade tan próxima e tan allea como é hoxe en día a da Terra da Ulla, en xeral, e a do Concello de Vedra en particular.
Áreas	Educación, Cultura, Medio ambiente, Desenvolvemento local, Animación sociocultural. (destaca a súa transversalidade).
Entidade	Concello de Vedra. Animador Sociocultural do concello.
Axentes	Equipo multidisciplinar: educadores/as sociais, pedagogos/as, técnica ambiental, profesores/as de Educación Primaria, monitores/as de tempo libre. E en xeral, a poboación do Concello de Vedra. Segundo a acción da que se trate, os seus destinatarios/as son específicos/as (ver na descrición da experiencia).
Desde	2005
Territorio	Vedra, A Coruña
Ollo a isto!!	O patrimonio dun territorio conforma un elemento; isto é a base de Ulla Elemental. Moitas fases e moitos axentes implicados.

OBXECTIVOS

- Potenciar o coñecemento do patrimonio natural, histórico-cultural e social de Vedra e da Ulla, elemento por si só motivador, e entendelo como recurso sostible e sinal de identidade.
- Facilitar a relación co medio para que se convirta nun lugar de observación e experimentación.
- Asumir os dereitos e obrigas como cidadáns no respecto ao patrimonio.

DESCRICIÓN DA EXPERIENCIA

O Programa Educativo Ulla Elemental comeza a dar os seus primeiros pasos nos inicios de 2005, a partir dunha serie de motivacións contrastadas con mestres/as que imparten clases nas escolas do Concello de Vedra e con outros/as profesionais do ámbito. Resólvese -obtendo unha serie de conclusións- que prima a necesidade de suscitar as conciencias, educar as sensibilidades e provocar sinerxias arredor do noso patrimonio, xerando posibilidades culturais, económicas, de cohesión social e identitarias.

Achegar unha realidade tan próxima e tan allea como é hoxe en día a da Terra da Ulla, en xeral, e a do Concello de Vedra en particular, é a finalidade principal que persegue o Programa Educativo Ulla Elemental, enalzando valores e o respecto pola terra e os recursos que ela ofrece; confrontándoos aos que dominan a sociedade actual, para recoñecerse tamén nesta outra identidade, orixe de tódalas demais. Un acercamento sen complexos a un lugar cunhas características propias de territorio: existencia dunha cultura recoñecida (historia propia), recursos patrimoniais (froito da súa historia), a paisaxe (flora e fauna)...


ULLA ELEMENTAL

Iván García García

DESCRINCIÓN DA EXPERIENCIA

O Programa Educativo Ulla Elemental comeza a dar os seus primeiros pasos nos inicios de 2005, a partir dunha serie de motivacións contrastadas con mestres/as que imparten clases nas escolas do Concello de Vedra e con outros/as profesionais do ámbito. Resólvese -obtendo unha serie de conclusións- que prima a necesidade de suscitar as conciencias, educar as sensibilidades e provocar sinerxias arredor do noso patrimonio, xerando posibilidades culturais, económicas, de cohesión social e identitarias.

Achegar unha realidade tan próxima e tan allea como é hoxe en día a da Terra da Ulla, en xeral, e a do Concello de Vedra en particular, é a finalidade principal que persegue o Programa Educativo Ulla Elemental, enalzando valores e o respecto pola terra e os recursos que ela ofrece; confrontándoos aos que dominan a sociedade actual, para recoñecerse tamén nesta outra identidade, orixe de tódalas demais. Un acercamento sen complexos a un lugar cunhas características propias de territorio: existencia dunha cultura recoñecida (historia propia), recursos patrimoniais (froito da súa historia), a paisaxe (flora e fauna)...



O propio nome do programa fundamenta a filosofía do mesmo: "Ulla Elemental". Dunha banda, o Concello de Vedra por extensión comparte os valores da terra da Ulla; e da outra, un "elemento" é o principio constitutivo dun corpo ou materia; é unha sustancia que non é susceptible de ser dividida; (o patrimonio dun territorio conforma un elemento...). Un "elemento" tamén é, cada un dos principios fundamentais dos antigos gregos: terra, lume, auga e aire (presentes en todo lugar). "Elemental" é algo de doada comprensión (o patrimonio desta terra éo). Con este nome preténdense consolidar as dimensións culturais, sociais e económicas do patrimonio do Concello de Vedra, concedéndolle un alto valor estratéxico de carácter territorial.

A primeira fase do programa iníciase coa celebración dunhas xornadas de formación do profesorado en abril de 2005. Nelas participaron máis de 20 mestres de Educación Infantil, Primaria e Secundaria que impartían clases nos colexios do municipio. Nas 25 horas de duración tratáronse temáticas específicas da bisbarra: historia, xeografía, flora e fauna, experiencias didácticas... As xornadas foron avaliadas de xeito moi positivo.

Nunha segunda fase, e partindo da gran necesidade de informarnos para formarnos en canto ao patrimonio, xurde o proxecto de crear e recompilar recursos e materiais didácticos sobre o Concello de Vedra e a terra da Ulla coa finalidade de realizar accións formativas de sensibilización para coñecer o entorno, sentilo, investigalo e, ao tempo, para organizar a información para logo compartila.

ULLA ELEMENTAL

Iván García García

DESCRICIÓN DA EXPERIENCIA

Neste senso artéllase un cartafol de materiais e recursos didácticos aberto e sen final; tendo cada un dos materiais que o compoñen, personalidade propia en canto á temática a tratar, ademais de posibilitar de que se poidan elaborar ou incorporar outros materiais ao proxecto. En canto aos destinatarios o programa diríxese prioritariamente ao público escolar, aos diferentes colectivos e asociacións interesados en afondar no coñecemento do patrimonio material e inmaterial do Concello de Vedra, aos veciños e veciñas do Concello e a aqueles e aquelas que en calquera momento do ano queren afondar no significado deste territorio. Para facilitar o desenvolvemento do traballo, desenvolveuse unha metodoloxía activa, cunha variedade de propostas de actividades que favorecen a abordaxe inter e multidisciplinar dos temas tratados.

Iniciada a andaina, decídese darlle preferencia á elaboración dos primeiros cinco materiais didácticos correspondentes ás seguintes temáticas e contando cada un deles cun proceso distinto de elaboración: A Camelia - xa publicado na actualidade-, A Auga - en imprenta -, Os Pazos e O Viño (elaboración mixta; entre persoal do Concello e a través dun convenio co Departamento de Didáctica da U.S.C.); As Festas - xa publicado - (grupo de traballo de profesorado do C.P.I. de Vedra).

Nunha terceira fase os materiais didácticos publicados foron distribuídos nos diferentes centros educativos, facilitando orientacións para a súa posta en práctica no marco do currículo escolar.

Parellamente, esta proposta de materiais está acompañada de outras actividades didácticas de saída de campo guiadas, estruturadas en catro áreas temáticas que se organizan en itinerarios e que neste caso se identifican cos catro elementos: auga de vida, terra con historia, lume de sabor e aire do tempo; e que definen un contorno que dirixe as súas olladas cara á auga do río Ulla, á terra do seu val, ao aire amparado pola serra do Pico Sacro e ao lume da calor das súas xentes.

REFLEXIÓN

Este programa busca contribuír ao desenvolvemento comunitario e á posta en valor dos recursos endóxeos partindo da base da sostibilidade natural, social e cultural, á vez que trata de ofrecer unha alternativa innovadora e cun alto grao de proxección cara ao futuro, polo que aposta pola implicación activa de toda a comunidade socioeducativa.

Estamos a falar de patrimonio, de todo aquilo que reflicte a nosa forma de sentir, de saber e de vivir. Referímonos ao pasado e ao presente; un pasado que fundamenta a identidade, ese feito diferenciador que se consolida como un aporte particular á universalidade. Neste senso, é preciso concibir o patrimonio como un activo endóxico e como un factor para o desenvolvemento sostible; polo que, debemos coñecelo, valoralo e actuar pola súa preservación; tendo presente que o benestar social ten as súas bases nesa mesma cultura da memoria, que con este traballo propiciamos e que outros esquecen.

O uso e a promoción da lingua galega ocupan un lugar preferente ao longo de todo o proceso. Nunha proposta destas características é imprescindible que a canle transmisora sexa a lingua do pobo, da xente...

Como reflexión desta presentación, achegámonos á nova sociedade que estamos a construír, para observar que os elementos como o Programa Educativo Ulla Elemental recobran vitalidade na procura doutras olladas precisas dentro da labor socioeducativa.

Sirva pois, este programa para reconducir o desencontro entre a comunidade e o seu ambiente, coa idea de explorar camiños xa andados cara a un desenvolvemento humano que sexa á vez sostible e equitativo.

Finalmente mostrar o agradecemento e recoñecemento ás persoas e institucións que contribuíron a facer posible que esta iniciativa vexa a luz.

“O que se coñece ben, valórase e presérvase mellor”

ULLA ELEMENTAL

Iván García García

CONTACTO

Enderezo	Centro de Dinamización e Promoción Municipal “Casa dos Peóns”. Picón 2, San Pedro de Vilanova, 15885 Vedra, A Coruña.
Teléfono	981 512482 – 669 450804 – 981 814612
Web	http://www.concellodevedra.com
E-mail	casadospeons@concellodevedra.com

En Galicia, En Galego

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

REVISTA CARREIROS Manuel Rosende

Nunha frase	A intención é elaborar un produto digno, atractivo e que apeteza ler.
Áreas	De todo un pouco: Cultura, Dinamización, Valorización de recursos etc.
Entidade	Asociación Cultural a Fervenza de Ouzande.
Axentes	- Deseñadora gráfica, o resto colaboradores: docentes, monitores, estudantes etc. - Veciños e veciñas da parroquia de Ouzande, A Estrada. Emigrantes ouzandeses.
Desde	Ano 2002 até a actualidade, e continuando... (periodicidade anual).
Territorio	Parroquia de Ouzande, A Estrada. Ten repercusión na emigración ouzandesa e é coñecida no concello en xeral.
Ollo a isto!!	É unha publicación feita coa vontade dos colaboradores e asociados.

OBXECTIVOS

- Levar adiante unha publicación propia da asociación.
- Recompilar as múltiples actividades que desenvolve a asociación.
- Estudar e difundir aspectos sociais, ambientais, patrimoniais do noso presente.
- Estudar e difundir o noso pasado máis ou menos inmediato como comunidade.
- Achegar a un sector pouco habituado unha publicación digna e entretida na nosa lingua.

DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Despois dun ano de funcionamento como asociación, ocorréusenos a idea de sacar adiante unha publicación na que se mostrasen as actividades que estabamos a realizar, que cada vez eran máis e máis variadas, así como “investigar” e difundir sobre algún aspecto interesante do noso presente (no primeiro número foron os muíños da fervenza) e do noso pasado. A tirada foi de 300 exemplares e tivo moito éxito. A partir dese momento decidimos dar continuidade ao proxecto da Revista Carreiros.

Formamos un pequeno grupo estable, que co tempo foi variando e que hoxe se compón de persoas de entre 16 e 40 anos.

Nos seguintes números fóronse tratando diferentes aspectos, como dicíamos do presente e do pasado: a escola en Ouzande, o patrimonio material e arquitectónico, o patrimonio inmaterial (a linguaxe das campás); e nos últimos números iniciamos unha serie sobre a emigración ouzandesa no mundo: de feito, a día de hoxe, xa existe unha verdadeira interacción con algúns emigrantes en Brasil ou nas Canarias.

Nalgúns números contamos con colaboracións de escritores de renome (Xosé Luna, Agustín agra, Fco. Fernández Rei etc), aínda que non sexa este un obxectivo fundamental da publicación. Tamén fomos incorporando entrevistas con xente significativa da parroquia, e seccións para a colaboración dos socios e socias. Ao mesmo tempo, a revista continuou a ser o trínque no que se resumen as múltiples actividades que leva adiante a asociación. Todo iso cun coidado especial en facer un produto digno, atractivo e que apeteza ler.

REVISTA CARREIROS

Manuel Rosende

REFLEXIÓN

Cando chega o mes de outubro, xa a xente na parroquia comeza a preguntar cando vai saír “o libro”, que é como lle chaman. Cremos que este feito é moi significativo e obvia calquera avaliación.

Estamos falando dunha publicación moi coidada, que trata temas que en xeral interesan aos seus destinatarios e destinatarias. A maioría deles son xente galegofalante, pero pouco afeitos a ler no noso idioma. Consideramos que, igual que toda a nosa publicidade e actividades se desenvolven en galego, a nosa revista debía ser publicada tamén no noso idioma. Ningún problema, ningún conflito.

A nivel anecdótico indicar que algún dos colaboradores que temos na diáspora, non están afeitos a escribir en galego, pero xa nos remiten os seus textos coa indicación de que sexamos nós os que os traduzamos. Un deles solicitounos recentemente unha especie de certificado no que constase a súa condición de socio, para pendurar alá no seu despacho, rogando que por favor fose en galego...

Como se dixo anteriormente o grupo que está ao cargo da revista foi incorporando a persoas novas, até contar hoxe en día cun equipo estable formado por 6 persoas, con reparto de tarefas entre as mesmas, e coa progresiva incorporación de xente moi nova.

Estamos a preparar Carreiros 7.

CONTACTO

Enderezo	Campo da festa, s/n. Ouzande, c.p. 36681 A Estrada (Pontevedra)
Web	www.carreiros.blogspot.com
E-mail	carreirosouzande@gmail.com